

## A LINGUA LITERARIA DECIMONÓNICA (III): ASPECTOS DO LÉXICO<sup>1</sup>

*Xosé Manuel Sánchez Rei*

### Introducción

**D**entro das dificultades que arrasta consigo o estudo do léxico, podemos convir en que dúas foron as principais características que determinan a situación da compoñente lexical galega no século XIX: dun lado, a presenza de fenómenos de variacionismo interno da lingua, isto é, formas dialectais, populares, arcaicas, vocábulos tirados do portugués e, en moita menor medida, palabras pertencentes ás tradicionais xirias gremiais; por outro lado, o testemuño de casuísticas externas ao idioma, ou sexa, españolismos e pseudogaleguismos, os primeiros presentes na oralidade de toda a centuria e os segundos, contrastivamente, froito da ansia por perfeccionar a lingua, incorrendo en modificacións de formas galegas a que o devir e a historia do noso idioma lles concedeu idéntica forma á homóloga española. A produtividade literaria de uns e doutros fenómenos non é, porén, regular. Só será durante as derradeiras décadas do século cando se comecen a detectar cunha certa regularidade os pseudogaleguismos e os arcaísmos; as formas de marcado verniz popular e dialectal, contrastivamente, atéstanse ao longo de toda a centuria, aínda que en diferentes proporcións conforme se vai tendo relativa conscientia dun galego literario. Nas páxinas que seguen imos botar unha ollada sobre os dous tipos de fenomenoloxías e a súa relevancia

na elaboración da lingua literaria.

## 1. Variacións internas á lingua

### 1.1. Os dialectalismos

Cumprirá ponderarmos, antes de máis, que as formas que se identifican na actualidade como dialectais ou populares están sempre sometidas a criterios modernos, en que se coñece, no referente ao modelo estándar de lingua, aquilo que se non axusta ás súas indicacións. Isto é certamente importante porque se pode incorrer no, ao noso ver, erro de considerar certos fenómenos como dialectais en épocas en que non existía unha variedade común e, subsecuentemente, un parámetro de referencia normativa. As nocións de *dialectal*, *popular*, *coloquial*, *vulgar*, etc., aparecen no momento en que existe unha coiné elaborada, implícita ou explícita, e non antes. Así as cousas, os nosos escritores e escritoras do XIX non debían de pensar que estaban a empregar rexionalismos cando utilizaban trazos lingüísticos típicos da súa zona, porque para eles o dialectal era o que non coñecían de primeira man. Isto non é óbice, así e todo, para que algúns autores dese século perciban como rexionais determinadas formas, e mesmo para que aparezan críticas por se empregaren. Hermida (1992a: 195) salienta, a este respecto, como as obras de escritores nados na Galiza occidental, como Rosalía de Castro ou Eduardo Pondal, chegan a influír en autores doutras zonas do país. O influxo dos naturais da faixa atlántica, poñamos por caso, é o que puido ser o causante de que a ourensá Filomena Dato Muruais, que nace nunha zona que se caracteriza, alén doutros trazos, polas terminacións *-ao* ou *-au* (<-ANU), usase ocasionalmente formas occidentais como *chan* (F 170), *vran* (F 170), *man* (F 182), etc.

Algúns deses fenómenos dialectais xa se poden retrotraer ao outono da Idade Media, até o punto de se poder falar dunha incipiente diferenciación entre un galego occidental e un outro oriental (Mariño Paz 1998: 132). Mais,

fendida a tradición literaria da Idade Media e abandonado o idioma ás clases sociais menos favorecidas, a lingua evoluirá libremente, nuns casos a favorecer esa diversidade nacente e noutras a xerar e a espallar diversas fenomenoloxías. Os séculos do galego medio (XVI-XVIII) van ser testemuñas dese proceso de diversificación lingüística, proceso, ainda así, que convén matizarmos pola súa relatividade, pois non deu quebrado a unidade lingüística, certamente chamativa só con repararmos na accidentada historia do país e do idioma.

Os primeiros en reflectiren sobre o variacionismo xeográfico van ser os ilustrados do XVIII. Frei Martiño Sarmiento, por exemplo, indica que “muchas voces y frases gallegas que se usan v.g., hacia el cabo de Ortegal no se entienden hacia el cabo de Finisterre, ni al contrario [...]. Lo mismo respectivamente en tierra de Limia, de Valdeorras, montañas de Lugo, Tuy, Orense, Santiago, Betanzos, etc.” (en Pensado 1974: 28). A partir de afirmacións como esta, ao longo do século XIX foi cobrando subscriptores a idea de que a lingua se achaba moi fragmentada do punto de vista dialectal (Hermida 1992á: 194). Nalgúns casos sobredimensionábase esta perspectiva até se afirmar que por cada lugar dos milleiros que había no país se rexistraba unha variedade de galego, como fai Roque Grilo en 1884: “tantos son os lugares, tantos son os falares: nunha feligresía que ten cinco lugares, ten cinco falares: e tantos hay n-a nosa provincia e n-as outras de Galicia como outros tantos falares” (*TMP* 22, 2).

En ocasións, buscábaselle explicación a toda esa fenomenoloxía na falta de estudos sobre o galego, ainda que tamén se recoñecía un modelo de lingua literaria máis ou menos común, o que, na nosa opinión, resulta en certa medida contradictorio. De 1861 é o seguinte texto de Mariano Cubí i Soler, en que se pon sobre a mesa o estado dialectal da lingua e as súas causas, ao paso que se indica cal debe ser o parámetro que guíe a elaboración dunha gramática e dun dicionario:

En ningun dialecto español se observan tantos subdialectos como en el gallego. Son mui numerosas

las frases i palabras distintas que en las diversas Feligresías se usan para expresar las mismas cosas, sin contar las voces de idéntico sentido que se pronuncian de mui diverso modo. Atribúyese a esta circunstancia el que no existe ningún diccionario ni gramática del dialecto gallego. Esta circunstancia podrá ofrecer dificultades, pero no, insuperables. En efecto es cosa sabida que existe un gallego jeneral convencional entre todos los autores i por todos ellos intuitiva i estudiósamente adoptado [...]. Este gallego es el que debe tomarse por modelo, i el que debe servir de norma, tipo o regla en la formación de una gramática i un diccionario (Cubí i Soler 1861: XII-XIII).

Mais non todas as reflexións públicas que se fixeron sobre as variantes do galego decimonónico presentaban as mesmas directrices, xa que os detractores do Rexurdimento empregaron un discurso baseado nese variacionismo dialectal para xustificaren que o galego era unha lingua inferior e que, irremediablemente, sucumbiría perante outras. Joaquín de Arévalo, neste sentido, non hesitou en dirixir afiadas setas contra a diversidade xeográfica lexical:

Esa misma diversidad de palabras que en distintas comarcas tiene el gallego para expresar un pensamiento mismo, una misma idea, es otro de los argumentos en pro de su desaparición. Apenas podrán reunirse gallegos de las cuatro provincias que se entiendan entre sí. Unos dicen *estadullo*, otros *fungueiro*, otros *fueiro* y todo ello es un palo. Unos llaman á la mariposa *abelaiña*, otros le dicen *volvoreta*. Unos dicen *zamelo*, otros *mamota*, otros *zoncho*, total, lo mismo: castañas. Unos pronuncian *barrelo*, otros *berce*, otros *arrulo*, que es la cuna (en Hermida 1992b: 347).

De todas as formas, as impresións dos eruditos decimonónicos sobre o variacionismo dialectal non foron óbice para que os autores emplegasen as formas que xulgaban más oportunas, ora pola rexión en que naceron, ora, posteriormente, por outros motivos (o prestixio literario de certas formas, o grao de diferencialismo con relación ao

español, a maior enxebreza lingüística, etc.). Deste xeito, os dialectalismos lexicais tamén contribuíron tanto para dotaren a lingua dunha maior forza expresiva canto para caracterizaren a linguaxe literaria dalgúns autores da época. Desde a actualidade, aínda que vén dándoselle preferencia a unha de todas as diferentes posibilidades dialectais existentes na lingua, o certo é que moitos dos casos de pares diatópicos lexicais que imos expor son considerados sinónimos pola variedade normativa (se é que se pode defender con firmeza que esta relación semántica existe), coa subsecuente riqueza expresiva.

As dimensións deste traballo obrigan a que non se teña en consideración todo o variacionismo lexical de natureza xeográfica na lingua literaria decimonónica. No entanto, coidamos que se pode realizar un breve achegamento ao léxico dialectal do XIX partíndomos de recorrentes fenomenoloxías, moitas das cales aínda hoxe se poden verificar. Deste modo, por exemplo, a comezarmos pola fauna, ao substantivo máis común *can* apareceulle un candidato para se referir ao mesmo animal doméstico, que é a forma *cuzo* (EP 162); dita denominación, típica das serras orientais do país e do galego estremeiro, é usada por autores que reflecten esas variedades lingüísticas, aínda que en todo o século XIX predomina con moito o nome maioritario, sen dúbida porque son moi poucos os escritores provenientes desas rexións.

Ao galego común *raposo* corresponde o mindoniense *golpe*, que na actualidade é considerado como un seu sinónimo, mercé, entre outras circunstancias, ao uso que desta forma fixeron autores de prestixio, como Álvaro Cunqueiro. Na literatura do XIX rexístranse as dúas denominacións, e por este motivo Ramón Armada Teixeiro, natural de Santa Marta de Ortigueira, utiliza o nome característico dessa rexión: *golpe* (GRE 15), etc. Pertencentes tamén ao mundo animal e vexetal son certas alternancias prosódicas arredor de esquemas acentuais paroxítonos ou proparoxítonos como as que se detectan para *páxaro* /

*paxaro* ou *péxego / pexego*, distribuídas tamén xeograficamente: *paxaro* (*NF* 13), *páxaros* (*EP* 178), etc. En relación á segunda parella, o folclorista Pérez Ballesteros informa das dúas posibilidades, xa que, a comentar unha cuadra tradicional en que aparece a acentuación paroxítona, sinala que “a diferencia del castellano tiene el gallego otra voz para el fruto: *péxego*. ”

Convén facermos mención, así mesmo, a unha das árbores fundamentais na alimentación dos galegos e galegas durante os séculos XVI-XIX, como é a que produce as castañas. Esta recibe varias denominacións, igualmente dependendo das distintas comarcas do país, cal son *castañoiro* (*EP* 205), *castiñeiro* (*GRE* 57), ou *castiro* (*MU* 13), das cales é máis frecuente no XIX o substantivo *castiñeiro* (tamén se acha a forma española *castaño*: *SO* 80, *PB* 82, *PT* 18, etc.). Doutra banda, a lingua literaria da época ofrece tamén os máis dos nomes por que é coñecida a árbore que dá as mazás, máis unha vez a depender, na maioría dos casos, da rexión de que procede o autor ou autora. Saco Arce (1868: 16), ourensán, expondo os tipos de ditongos que hai no galego, pon como mostra de *ai* o exemplo de *mazaira*, e esta denominación é documentada nos textos xunto aos outros substantivos: *mazaira* (*F* 186), *maceiras* (*PB* 39), *macira* (*SL* 11), *maciñeiras* (*GRE* 77), *mazanceira*, (*S* 13), *mazanceiros* (*PT* 57), etc.

Relevantes por coadxuvaren na definición da paisaxe, son outras especies arbóreas, que reciben denominacións non sempre coincidentes en todo territorio, cal *amieiro* (*PT* 41), *ameneiro* (*GRE* 38) ou *abeneiro* (*CPG* III, 95), etc. E para a denominación más habitual do *sabugueiro* existe no norte de Galiza, en especial na área mindoniense (Fernández Rei 1991: 130), o nome de *bieiteiro* (e variantes populares, tipo *biouteiro*, *biaiteiro*, etc.), que aparece tamén nas obras da época ao carón do substantivo más común: *vieiteiro* (*OR* 20), *sabugueiros* (*PB* 82). Contribúen igualmente á configuración da nosa paisaxe rural as plantas silvestres, como o *fieito*, que se atesta xunto a outras posibilidades

*fiéitos* (FX 18), *fentos* (S 65), etc.

As denominacións que reciben as crianzas tamén se documentan con variantes dialectais. Así, ao lado de *neno* / -a, rexístranse outros nomes substantivos para se referiren a unha persoa de poucos anos e encóntranse nos textos decimonónicos en directa relación co que era máis habitual na rexión do autor (é moi común na época, porén, o emprego de *meniño* / -a, con harmonización vocalica: *miniño* / *miniña*): *Neninos* (MU 27), *picariño lindo* (PG 19), *miniño* (PG 20), *cavitos* (GRE 16), etc. Relacionado intimamente cos nenos e coas nenas está o móbel en que dormen, que é denominado pola voz prerromana *berce* (F 99), a máis frecuente; xunto a esta, detéctanse outras variantes como *berzo* (POE 391) ou *barrelo* (OR 9), áinda que con menos testemuños.

Temáticas de carácter sentimental facilitan a expresión de determinadas sensacións que experimentan as persoas. Deste modo, para o galego común *cóxegas* ou *cóchegas* (este último rexistrado nomeadamente nas Rías Baixas), existen na área mindoniense as formas *deligras*, *teligras*, *deligas*, etc., insólitas, segundo Fernández Rei (1991: 130), no resto do dominio lingüístico. Non é de estrañar, por tanto, que o ortegano Ramón Armada Teixeiro utilizase o substantivo *tiligas* (GRE 17, GRE 62), que o ourensán Heraclio Pérez Placer empregase o habitual *cóxegas* (LT 69) e que Roxelio Lois, nado en Pontevedra, usase o más habitual na rexión do Lérez, *cóchegas* (CO 15).

## 1.2. Os popularismos

Acarón dos dialectalismos, os popularismos e os vulgarismos caracterizan tamén o proceso de elaboración da lingua literaria decimonónica. Ao se conservar a lingua no seo do pobo, que a aprendía no seo da familia mais non a estudaba, moitas casuísticas de marcada adscrición popular van estar presentes ao longo de todo o século XIX. A proporción de formas populares ou vulgares fica determinada directamente pola noción de lingua literaria

que tiver o autor, pois hai escritores que abusan de todo canto for popular, moitas veces acentuándoo, tan só por ser diferente á lingua oficial. Mais dita proporción, así mesmo, estará moi vinculada á temática do texto e á estética que se perseguir; neste sentido, tamén no XIX abrolla unha cuestión de interese, como era poder o público identificar se unha obra era ou non “galega” xustamente polo seu fío argumental. Francisco Álvarez de NÓVOA, por exemplo, reclama que se lle poida aplicar dito adxectivo a escritos en que se non desenvolvese unha temática de ambientación labrega ou de corte sentimental:

Pois eles pensan que o voso conto non é *gallego*, porque non falades n-él de unha *esmorga*, de unha lacoada, de unha vendima, de unha desfolla, de un romaxe, de unha espaldela, de unha malla, de unha molienda, de unha rebolada; porque non falades do que vai pras Américas e chora n-o vapor e morre no extranxeiro, do que ten a casa sin tellas e sin colmo e sin latas e non ten pan nin abrigo; porque non chamades a berros por Breogan e compañía e non vos sentides bardos nin celtas, porque non pedides que Galicia fuxa da nai España (PB 11-12).

Na realidade, detrás das impresións de Álvarez de NÓVOA agóchase a identificación da literatura galega co mundo rural, que era unha equivalencia doada de se entender a termos en conta a sociedade da Galiza da época, maioritariamente mariñeira e labrega<sup>2</sup>. Mais tamén se oculta a necesidade de que toda a literatura (re)emerxente, se quere equipararse a outras do seu contorno, debe deixar de desenvolver temáticas marcadamente pertencentes a eses ámbitos, aos cales lles era moito máis doado recibiren o adxectivo *galego* por esa equiparación entre *mundo rural = galego* e *mundo citadino = español*. A lingua, portanto, non ficará á marxe da devandita identificación entre as dúas realidades sociais, a aldea e a cidade, polo que a moitos fenómenos da oralidade popular ou vulgar lles será outorgado o rango de literarios. Con todo, o concepto de *popular* non está exento de certa problemática

se perspectivado desde a actualidade, pois o galego era fundamentalmente “popular” ao ser empregado polo 90% dunha sociedade en que o pobo ainda vivía maioritariamente nas aldeas e vilas e onde os centros poboacionais de certa entidade, as cidades, non tiñan importancia relevante do punto de vista socioeconómico.

Ímonos centrar nuns poucos aspectos que contribúen especialmente á individualización dun modelo de lingua popular ou coloquial, como son, ao noso ver, os seguintes:

### **1) Flutuación nas sílabas iniciais de palabra**

Un fenómeno que revela o carácter de lingua popular é o que ten a ver coa relativa flutuación afixal detectada en determinadas palabras, nomeadamente verbos. Analoxías populares, equivalencias que realizan os falantes entre os diferentes prefixos, oscilacións no seu uso, etc., explican unha relativa polimorfía de certos predicados verbais: os verbos *decatar* e *percatar*, poñamos por caso, aparecen baixo as variantes máis comúns e coincidentes co moderno estándar en vigor ou baixo outras, más coloquiais e populares: *decatándome* (*NF* 22), *percatéin*, (*EP* 181), *procataba* (*LT* 45), *desprocateime* (*PO* 195), etc. Do mesmo xeito, *atrever* compite cos popularismos *astrever* e *estrever*, moi comúns no XIX: *feitos atrevidos* (*OC* 35), *astreves* (*NF* 35), *estreves* (*PE* 75), etc. *Aprender* áchase no mesmo caso que as formas verbais anteriores, xa que tamén se documenta con formas popularizantes como *deprender*, *adeprender*, etc.: *Deprendéu* (*EP* 258), *aprendín* (*FL* 44), *adeprenden* (*RA* 139), etc.

### **2) Utilización dun léxico moi vinculado á expresión popular**

A cuestión da compoñente lexical como indicio dunha linguaxe de marcado carácter popular é tamén un asunto que merece unhas palabras, pois cómpre sinalarmos que un idioma que sobrevive popularmente vai desenvolver un léxico acorde coas realidades dos seus utentes. Ora ben, é certo que o uso

dese tipo de compoñente lexical, estando moi estreitamente relacionado con determinadas temáticas, pode servir como relevante caracterizador dun modelo lingüístico popularizante. O problema xorde, porén, cando ese mesmo léxico se ve utilizado talvez desmesuradamente na literatura de autor, reflectindo en ocasións poucos brillos artísticos. Nese emprego de voces provenientes dos mariñeiros e labregos houbo opinións que defendían tales recorrenzas ás voces patrimoniais, como J. Barreiro Meiro en 1888, quen se declara firme seguidor dun modelo de lingua popular no rotativo *Galicia. Revista Regional*. O escrito pon como paradimas algúns dos nosos clásicos do século XIX e o *Cancionero popular gallego* de Pérez Ballesteros, de que pondera a súa proximidade coa fala do pobo:

admiro á Rosalía y Añón, mis ídolos, y me deleitan obras como los *Cantares* y el *Cancionero popular gallego*, porque en estos libros veo á mi pueblo tal cual es, usando, no desabrida y ruda jerga de palabras montunas, sino *feiticeira faliña* (en Hermida 1992b: 308).

Mais, para alén da procedencia do léxico, un outro factor contribúe a caracterizar os estilos populares, e é a utilización de vocábulos da coloquialidade, empregados, na nosa opinión, sen se adecuaren completamente ao contexto ou ao tipo de composición. Por citarmos un caso moi concreto, chaman a atención substantivos como *chola* (moi rendíbel nos textos), *cachola* ou *chencha* para se referiren á cabeza do ser humano: *almacenan n'a chola* (RI 141); *o pensamento rebelde que lle bulía n-a chola* (PB 138); *'n o curuto d'a cachola* (AL 27); *volveull'e o xuicio á' cachola* (SV 8); *de pouca chencha* (SL 31); etc.

Por outro lado, os rexistros populares de lingua facilitan a creación de palabras mediante a composición, e este expresivo recurso de formación de novas unidades lexicais foi aproveitado polos autores do XIX, especialmente por aqueles cuxa lingua literaria fica relativamente próxima da oralidade da época. Saco Arce (1868: 52) xa se refería a

compostos como *barre-cañeiras, fura-bolos, aceixa-ratos, torna-cas, escacha-pedras, troca-burras, frega-pratos, peta-pouco, pousa-foles* ou *pinga-laceira*, informando deles que o galego os forma con “facilidad”, “si bien pertenecen casi todos al estilo familiar”. A teor dos exemplos expostos polo clérigo, evidénciase que a construcción máis secundada é a estrutura verbo + substantivo, como *fervellasberzas* (*FO* 88), *escachapedras* (*FO* 123), *destetanenos* (*FG* 71), *ferrapulgas* (*NM* 29), *papaxílgaros* (*LT* 72), etc.

### 3) Utilización abusiva de formas e expresións da oralidade coloquial

En último lugar, nun artigo de Saco Arce consagrado a facer unha chamada de atención sobre as eivas da poesía galega (“Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes”, en Hermida 1992b: 105-111), publicado en 1876 por *El Heraldo Gallego*, ponse de manifesto a proliferación de construcións e xiros más ou menos fixos, recorrentes en todo o tipo de composición literaria, isto é, a de carácter popularizante e a de natureza non reducible a tal estética. Un dos albos a que dirixe atinadamente as súas críticas é ao produtivo emprego no XIX de *malpocado, -a, o cal*

“no puede, á mi corto entender, tener dignamente cabida sino en escritos, ó festivos, ó familiares. ¿Basta que una diccion ó frase tenga un muy marcado sabor al país, para que, sin distinción de tonos y estilos, pueda figurar en todo género de obras?” (en Hermida 1992b: 111).

Mais xunto ao *malpocado* que critica Saco Arce, o certo é que existen outros claros expoñentes dunha lingua popularizante moi ben atestados nos textos do XIX. Quizá un dos más representativos a este respecto sexa a forma adverbial *abofé* e as súas diversas variantes, pois proporciona ao texto un marcado carácter de coloquialidade ao seren os contextos de fala desenfadada e familiar onde mellor se documenta; eis algúns exemplos desta recorrenza na literatura

decimonónica: *abofé* (*PM* 5), *bofé* (*BG* 81), *Afé* (*PAX* 25), *abofellas* (*EF* 209), *bofellas* (*BG* 24), *afellas* (*BG* 36), etc.

### 1.3. Os arcaísmos

Ainda que no século XIX se tiñan imprecisas sospeitas da existencia da literatura medieval galego-portuguesa, cara aos finais da centuria o que era unha bretemosa noticia tórnase en proba verosímil dunha tradición literaria que xa viña de antigo<sup>3</sup>, nomeadamente mercé ás publicacións dalgúns textos da época. Lémbrese, sobre este particular, que Theóphilo Braga publicou o *Cancioneiro da Vaticana* en 1878, de onde Antonio de la Iglesia incluiría algúns textos na súa obra *El Idioma Gallego*, saída do prelo no ano 1886. Sobre o progresivo grao de coñecemento da literatura da Idade Media, Monteagudo (1999: 363) subliña que este vai ser “notabilísimo, sobre todo arredor da década dos 80”, pois vai saír do prelo un número certamente notábel de obras medievais, como as seguintes: a *Crónica de Santa María de Iria* (editada por Antonio López Ferreiro en 1888), as *Cantigas de Santa María* (editadas polo marqués de Valmar en 1889), a *Crónica Troiana* (de cuxa edición se ocupou Andrés Martínez Salazar en 1900), etc. Doutra parte, convén ponderarmos, tamén con Monteagudo, que algunhas publicacións da época, cal *Galicia Diplomática* (1880-93), proporcionan “abundantes mostras do emprego instrumental do galego durante os séculos finais da Idade Media”.

Ben pola edición de textos, ben polo labor de certas publicacións periódicas, nos anos finais do século XIX os escritores e escritoras dispoñen doutra fonte de enriquecemento lingüístico, inexistente até a época, que, para alén de contribuír ao acrecentamento lexical, serve aliás como elemento prestixiador da lingua e da súa literatura ao remontar ao Medievo a composición literaria no idioma propio do país. A isto cómpre acrecentármoslle que, no caso galego, a recorrenza aos arcaísmos tamén está motivada por criterios diferencialistas a respecto do español e por criterios de pureza

idiomática. A utilización de vocábulos arcaicos, que continúa durante o século XX, presenta, con todo, unha diferenza fundamental en relación aos dialectalismos e popularismos: as formas antigas nunca sobordan a expresión escrita, pois proveñen de textos escritos en épocas pretéritas, ao paso que as dialectais ou populares proceden da lingua oral, de onde se proxectan na literatura.

Unha das influencias más notábeis é aquela en que o modelo gráfico se axusta ás resonancias medievais, coa subsecuente modificación fonética. Tal é o caso dos verbos acabados en *-ecer* e mesmo de *nacer*, pois serán utilizados en ocasións coas formas *-escer* e *nascer*, tamén por en moitos casos teren un plus diferencialista con relación ao español: *parescen* (*CO* 20), *merescía* (*NF* 33), *Renascerá* (*PE* 61), *amañesceu* (*PB* 67), *adormescida* (*NF* 29), etc. A nómima de tonas gráficas arcaizantes abranxe outras palabras para alén dos verbos e dos substantivos antecitados, e así é que imos detectar formas con vogais dobradas: *coores* (*FP* 27), *boo* (*CÑ* 59), *door* (*PG* 25), *doores* (*FO* 33), *teer* (*PG* 56), *teedes* (*PG* 52), *poor* (*SV* 125), *razoos* (*PG* 21), etc.

Outro exemplo reside na incorporacion de léxico característico dos tempos dos trovadores, cal *mor* (*de mor cuantía*, *VO* II; *pra mór disgracia*, *F* 136; *¿Qué mór ben pr'as vosas fillas [...]*?, *POE* 396; etc.), *conquerir* (*conquira*, *CC* 28; *conqueridora*, *F* 12; *conquerindo*, *ES* 27; *conqueriron*, *S* 19; etc.), *moimento* (*HP* 25), *moimentos* (*HP* 25) ou *moimenta* (*FA* 103), *vegada* (*CS* 20) e *vegadas* (*PM* 8), *cibdade* (*RA* 30) e *cibdades* (*MU* 82), *saas* (*HP* 24), etc., aínda que neste período son máis recorrentes as diferentes adopcións de grafías arcaicas que palabras tiradas da etapa antiga do idioma.

#### 1.4. A recorrenza ao portugués

Un dos eruditos decimonónicos galegos, Manuel Murguía, defendía a elemental unidade lingüística entre o galego e o portugués, tendencia que se mantivo até a

actualidade e que acabou por definir as dúas coñecidas filosofías lingüísticas perante o galego: a postura reintegracionista e o punto de vista isolacionista. Á parte das súas opinións, é cuestión problemática sabermos con exactitude que pensaban os ilustrados do XIX en relación a ese pobo que era denominado “irmán” por unha boa parte da intelectualidade da época, xa que, áinda se defendendo esa fundamental unidade idiomática, a recorrenza ao portugués contemporáneo como solucións de problemas lexicais e gramaticais da altura non foi unha corrente unánime. E non hai motivo para pensarmos que os eruditos do século XIX descoñecesen ese “galego meridional”, ese galego que no estado veciño, e nunhas circunstancias ben diferentes das nosas, deu, co percurso histórico, en se converter en lingua oficial non só do país luso, mais tamén dos territorios que o colonialismo lusitano ía incorporando ás súas posesións territoriais.

Ao noso ver, a maior parte desas penetracións vocabulares da lingua portuguesa son harmonicamente asimilábeis ao fondo lexical do idioma, sempre e cando non marxinalicen unha forma galega en uso. Así pois, do noso punto de vista, só se poden considerar voces tiradas do portugués aquelas formas que probabelmente non circulasen pola fala habitual e popular da Galiza da época, pois, con toda a seguridade, debían de ser descoñecidas pola galegofonía máis común, a dos labregos e mariñeiros: formas como *nervo* (*HP* 5), *estudo* (*OC* 34), *encarregados* (*RH* 9), *erro* (*RH* 16), *meio* (*PM* 10), *isolado* (*RH* 61), *formosura* (*PT* 27), etc., talvez achen a súa mellor explicación na procedencia do portugués.

Mais tamén neste caso, e como a linguaxe literaria do XIX foi recuperando vocábulos desde a observación desta lingua, algúns dos cales fan felizmente hoxe parte do estándar galego, tampouco acae totalmente a redutora denominación de lusismos, en especial se contemplados desde a actualidade, porque o portugués, como indica Santamarina (1995: 69), serve como fonte elemental para a

depuración de españolismos no noso idioma. É o caso, por exemplo, de certo léxico que na altura competía fortemente co español ou con resultados híbridos entre o castelán e o galego, como *ar*, *nomear*, *pobo*, *rúa*, *xulgar*, etc., para cuxa explicación nos textos serían posíbeis tanto a hipótese da recuperación desde o portugués, a da posibilidade de que vigorasen irregularmente en determinadas rexións de Galiza ou a produtividade da lingua antiga.

Cuestión á parte é como o portugués podería explicar certos usos gráficos, pois hai casos, como *nascer*, en que tampouco se debe descartar a hipótese da influencia da lingua medieval. Aliás, para flutuacións detectadas nos textos no uso de determinadas letras, cal *pobo / povo*, *orballo / orvallo* ou *haber / haver*, etc., parécenos máis plausíbel atribuírmos tales usos ortográficos á oscilación que presenta toda a lingua cando deixa de ser unicamente oral e transcende á escrita. Hai, con todo, sinais inequívocos de escollas gráficas que teñen a súa orixe no portugués: até as reformas ortográficas levadas a cabo en Portugal a comezos do século XX por Gonçalves Viana e Carolina Michælis de Vasconcellos, o nome do estado español e o seu correspondente xentílico escribíanse adoito con *h*, autorizando unha ortografía etimoloxizante que logo decaería após as propostas de modificación citadas; as presumíbeis lecturas lusitanas de Florencio Vaamonde Lores son as que seguramente explican a utilización do grafema en *hespaños* (*RH* 28), *hespañol* (*RH* 47), *Hespaña* (*RH* 47), *Hespaña* (*OC* 8), etc. As mesmas influencias meridionais poden aplicarse para a recuperación ortográfica de certos antropónimos, cal *Henrique* (*RH* 37), *rei Henrique* (*RH* 41), *D. Manuel Curros Henriques* (*RH* 53), etc.

Doutro lado, énos posíbel dirixirmos as nosas preguntas ás terras austrais do Miño para lles termos resposta a determinadas formas que nestes anos comezan a se recuperar. Consoante Ferreiro (1997: 147, nota 170) e segundo o cotexamento dos textos, o sufijo español *-ble* aparece no século XIX frecuentemente galeguizado en -

bre. Mais nos anos finais da centuria, esporadicamente comeza a se documentar o lexítimo *-bel*, e é moi posíbel que neste proceso de recuperación, antes que outras fontes, como a lingua medieval, operase o portugués en casos como *indescriutibel* (*LT* 9), *posibel* (*LT* 43), *imposibel* (*LT* 67), *agradabel* (*CT* 89), etc., mesmo grafándoo con *v*, o que resulta ser unha práctica ortográfica moiísimo máis esporádica: *inefavel* (*CT* 33-34).

### 1.5. Os primeiros exemplos de vocábulos tirados das xirias gremiais

A configuración da Galiza tradicional contou, até non hai moitos anos, cos gremios, organizacións laborais que aparecen xa na Idade Media e que tiveron, polo menos algunas delas, como a dos canteiros, un papel moi destacado na conformación da cultura galega (e mesmo europea). Varios deses colectivos posuían en ocasións un tipo de linguaxar técnico, só intelixíbel polos membros do grupo e que recibe denominacións como o *latín dos canteiros*, *latín dos cabaqueiros*, *latín dos daordes*, *barallete*, *latín, verbo, barallado*, etc. Talvez unha das primeiras referencias que se ten de tales falas é a que nos fornece o Padre Sobreira, quen no século XVIII se refería precisamente á dificultade de comprensión por persoas alleas aos devanditos gremios: para o fraude tratábase dun “idioma osbcuro” que empregaban os “Còrdeyros o cordeleros de la Tierra de Rocas” (en Ferreiro 1997: 302, nota 454). No século XIX, Mariano Cubi i Soler (1861: XIII-XIV) falaba desas xirias coas seguintes palabras:

Ademas de la jermanía o caló [...], hai un caló catalán [...]; otro valenciano, otro asturiano-gallego etc. etc. Este último se usa por los caldereros ambulantes, que abundan o solian abundar en los montes i rincones de Galicia i Asturias. A esta jerga algo notable se le da el nombre de *el bron* o embustero. Los ciegos y pícapedreros o canteros de algunas comarcas de

Galicia i tambien de Asturias usan otro mui distinto, al cual le dan el nombre de *el latin*, en sentido de lengua difícil de entender por los profanos.

Na Galiza do século XX, a súa produtividade literaria é ben escasa, pois só se coñece a composición de Celso Emilio “Gabanzas dos canteiros”, pertencente ao poemario *Longa noite de Pedra*, e a novela *A saga dun afiador*, de X. Fernández Ferreiro, para alén dalgunhas voces que emprega Ramón Otero Pedrayo provenientes das xirias (*gandir*, *gandideira*, etc.) e, máis modernamente, algunhas outras que utiliza X. Vázquez Pintor (por exemplo n’*A memoria do boi*, onde se rexistran voces como *arxina* ‘canteiro’, *ganchar* ‘cortar’, *gabiarro* ‘cabelo’, *ginar* ‘vir’, etc.). Esta cativa presenza de léxico procedente dos colectivos gremiais nos textos literarios modernos ten os seus antecedentes no XIX, época en que se detectan moi infrecuentemente e en que tampouco son comparábeis, pola súa cantidade numérica, aos dialectalismos, popularismos ou arcaísmos da linguaxe literaria. Deste modo, o escritor compostelán Benito Losada utiliza puntualmente este léxico gremial, como *queicoa* ‘santo’ (PO 173), e posibelmente *verbo* ‘falar’ ou ‘fala: e dime axiña, n’un verbo, / cal é o nome (PO 182). A mesma orixe nos linguaxares dos gremios tradicionais ten a voz *garlar* ‘cantar’, ‘falar’, que emprega Cuveiro Piñol no drama *Pedro Madruga: E deixemos de garlar, / imonos a vel-a feira* (PM 5).

Ora, os motivos que puideron levar os antecitados autores a utilizaren ocasionalmente léxico proveniente das xirias gremiais non debían de ser os mesmos que as causas que inspiraron outros escritores do século XX. Con todas as cautelas necesarias, non descartamos que os vocábulos utilizados no XIX sobardasen illadamente os seus reducidos ámbitos de emprego, e que, subsecuentemente, puidesen ser usados nalgunhas zonas do país; parece corroborar esta hipótese o feito de que a voz *garlar* figure no dicionario de Cuveiro Piñol (1876: 147, s.v.), embora este caso puidese estar relacionado cos coñecementos do léxico que posuía o autor.

## 2. Variacións externas á lingua: os españolismos e os hipergaleguismos

### 2.1. A penetración e a valoración dos españolismos no século XIX

En todas as situacións de contacto de linguas é esperábel que se produzan interferencias dos varios códigos que protagonizan ese contacto e, como asinala Calvet (1993: 96) para o caso do francés e do bretón, o tipo de empréstimos ou de interferencias determina o tipo de relacións existentes entre os falantes de cada idioma. No referente a Galiza, o opúsculo de Álvarez Giménez (1909) serve como testemuño onde se pasa áspero comentario á penetración de galeguismos no español falado no noso país; o caso contrario, a introdución de castelanismos no galego, ten unhas maiores dimensións por constituir un exemplario moito más abondoso e por ameazar a sobrevivencia da lingua.

Os españolismos no galego afectan varios campos da análise lingüística, aínda que os lexicais son os más frecuentes, tamén na actualidade. Os eruditos decimonónicos, especialmente aqueles que tiñan consciencia do que era correcto e incorrecto sobre a penetración de formas foráneas, van reparar na introdución desnecesaria de tales voces, que eran usadas polo pobo e que, en consecuencia, se documentaban nos textos. Saco Arce comenta como mesmo os bardos más brillantes da época non foron excepcións perante o emprego de palabras tiradas do español: “No ha logrado, que yo sepa, ninguno de nuestros poetas librarse de este defecto” (en Hermida 1992b: 107).

Outra cuestión sobre os castelanismos é a súa recepción ou acomodación no galego. É moi probábel que a penetración de vocábulos españois non fose idéntica en todo o territorio e que houbese rexións en que as beliscadellas lexicais se detectasen antes do que noutras áreas. Neste sentido, Valladares (1970: 21) indica por volta de 1890 como na comarca da Estrada certas voces eran pouco ou nada usadas e como se empregaban neses contextos as palabras procedentes da lingua oficial: “en

nuestro país del Ulla, nadie, ó casi nadie, dice ya *alcipreste, arámio, Bièito, cabalèiro, calivèra, candelèiro, doce, enveja, fogo, fròita, habanèiro, igreja, ó ireja, sabán, segredo*”. Ora, os apuntamentos están feitos sobre a lingua oral da Ulla e non sobre a totalidade da Galiza lingüística. Esta penetración de voces castelás, que o autor denomina “abusiva”, pode dar idea do distinto grao de resistencia da lingua nas diferentes comarcas, pois algunas destas palabras aparecen na forma galega no *Cancionero popular gallego* de José Pérez Ballesteros, que nomeadamente reflicte o galego da actual provincia da Coruña.

Os centros urbanos de certa importancia tamén foron factores determinantes da propagación dos españolismos no século XIX. A Galiza tradicional non dispuxa de \**calles*, nin de \**llaveros*, nin de \**aceras*, nin de toda unha serie de realidades comúns no mundo citadino; cando se comeza a sentir a necesidade de referenciar eses obxectos, o mundo galegofalante non vai usar senón o nome que se lles dá nos ambientes citadinos e, a partir desa xeneralización, tales españolismos van acomodándose na lingua: *Pro xunt'a porta n'a calle / dend'unh'acer'outr'acera / xa fai noites qu'unha sombra / según contaron paseya* (BM 29). Que os centros poboacionais de certa relevancia eran focos de alienación lingüística non pasou inadvertido a algúns ilustrados da época, como Saco Arce, consciente da importancia das cidades como centros de irradiación de formas foráneas: “Es de advertir que algunas de estas formas censuradas, y otra muchas de este jaez hallan ya grande acogida en el lenguaje usual de las poblaciones próximas á las ciudades” (en Hermida 1992b: 108).

En harmonía coas impresións do noso primeiro gramático, resulta en certa medida lóxico que algúns eruditos do século XIX localicen a pureza lingüística en lonxincuos lugares, sempre afastados dos centros poboacionais. Cuveiro Piñol (1876: [III]), por exemplo, apela ás aldeas que teñen pouco contacto coas entidades urbanas e que son focos de conservación do máis xenuíno: “en los pueblos y localidades mas montañosas ó que están en menos contacto con los

grandes centros, es en donde se conserva mas puro el lenguaje". En ocasións, contodo, o que se producía nas vilas e cidades era unha sorte de hibridacións sempre orientadas cara á lingua dominante. O feito, como hoxe acontece, de que algúns galegos e galegas tencionasen expresarse en español non era sinónimo de que o conseguisen, polo menos cuns mínimos de corrección, como moi ben o expresa Saco Arce (1868: X) no prólogo da súa gramática: a se defender dos seus posíbeis detractores, argumenta que carecen de fundamentación para atacaren a súa obra, pois son "moradores de ciudades, no siendo, por consiguiente, exacto juez su oido habituado a esa abigarrada mezcla de gallego y castellano que en aquellas se usa".

Por outra banda, non todas as opinións a respecto dos españolismos presentaban os mesmos desexos de depuración da lingua e, en relación a esoutras perspectivas, debe merecer mención a obra *Cancionero popular gallego*, de José Pérez Ballesteros. O coñecemento do galego por parte do compilador farao manifestarse sobre esas beliscadelas lexicais, de tal modo que decide, na medida das súas posibilidades, indicar cando se detectan as anteditas interferencias: nuns versos en que se documentan as formas estranxeiras *\*peral*, *\*ahora*, *\*margarita* e *\*amarillo*, o colector aponta o que segue: "*Pereira, en gallego*" (*CPG I*, 21, nota 1); "Ahora, se dice en gallego *agora*" (*CPG II*, 19, nota 2); "En gallego se dice con más propiedad *Margarida*" (*CPG III*, 44, nota 1); "En gallego se dice con más propiedad *amarelo* que *amarillo*" (*CPG III*, 55, nota 1). Mais, de cando en vez, a documentación de formas españolas é sentida como un recurso estilístico, sentimento propio de linguas subordinadas a outras, en que se pretende que esta ou aquela outra interferencia achegue algún matiz expresivo. Así parece corroboralo a seguinte citación, en que, a comentar palabras ou versos en español, o colector remete á expresividade equiparándoa aos mecanismos de acrecentamento lexical das linguas románicas durante o Renacemento: "A veces se intercala una voz castellana, á semejanza de lo que ocurrió á algunos poetas castellanos, en

particular del siglo XV, con la lengua latina (*CPG III*, 128).

Xunto a formas tiradas directamente do español, tamén imos detectar castelanismos parcialmente reconvertidos ao galego. Os textos decimonónicos proporcionan exemplos de tales adaptacións, das cales a máis recorrente talvez sexa a transformación do [x] español en [ʃ]: *parexa* (*CS 14*), *aguixa* (*F 86*), *partixa* (*FP 23*), *lexos* (*PO 180*), etc., ou *naranxos* (*F 23*), *suxetos* (*CO 26*), *xeneración* (*FO 80*), *concejal* (*PE 108*), *texedora* (*EP 225*), *xueves* (*SV 98*), *tixeira* (*LT 17*), etc.. Mais a galeguización das palabras españolas afecta outras casuísticas igualmente baseadas nunha inexacta equivalencia fonética entre as dúas linguas. Así, por exemplo, desde parellas como gal.-*eiro* / esp. -*ero* é que se chega aos casos de *caballeiros* (*OC 55*), *carreteira* (*EP 172*), etc. O paralelismo entre oclusiva + *r* (*prato*) e oclusiva + *l* (*plato*), por outro lado, é o que explica formas híbridas como *mescrado* (*PE 117*), *pobración* (*NF 73*), *tembrar* (*SO 7*), *emprear* (*SO 54*), etc. E desde reducións simplificadoras entre a lateral alveolar e a lateral palatal (gal. *galo* / esp. *gallo*) xorden palabras cal *centelas* (*FP 35*) ou *acribilado* (*FP 43*), tamén inexistentes na nosa lingua.

Noutros casos, pesquisando na literatura do XIX a respecto do nivel de produtividade de certos españolismos, a resposta amosa un uso tanto da forma autóctona como da foránea: das palabras *calle* e *rúa*, a primeira posúe unha notábel documentación nos textos decimonónicos, mais, aínda así, non faltan exemplos de atestacións do segundo substantivo. É moi posíbel que a linguaxe literaria se fose decantando pola forma lexítima a se basear no portugués e que, en consecuencia, as documentacións de *rúa* estexan más directamente relacionadas con esta circunstancia: *N-unha rua sucia* (*LT 111*); *dende o mosteiro de San Francisco hasta a rua de Pena-vixía* (*CT 97*); *que pús e fedor n-as calles [...]. / que, n-os salós e n-as ruas* (*FP 34*); etc.

Mais a españolización non afectou por igual todos os ámbitos do uso da lingua. Un dos que máis ten favorecido historicamente a penetración de españolismos é a igrexa, pois mesmo as xentes que nunca escoitaban falar castelán

tiñan nos oficios relixiosos unha vía importante de alienación lingüística. A influencia da lingua da relixión é o que explica que moitos nomes de pregarias estean vehiculizados nese mesmo idioma, como acontece cun dos rezos máis emblemáticos da liturxia cristá: *Padre nuestro pequenijo* (CPG III, 251), *Quedárans'os "Padre-nuestros"* (FL 23), *reces un padremuestro por min* (CP 69), etc. Outras veces, conscientes certos escritores de este nome ser un estranjeirismo, ténntase a sua galeguización, en especial cara aos fins do século. Carré Aldao, por exemplo, intitulou un seu conto xustamente a converter traducindo a denominación española para a nosa lingua: “*Padre noso, que estás nos ceos*” (RA 76-82).

Aliás, as cantigas tradicionais compiladas na altura ofrecen importantes datos (socio)lingüísticos sobre a influencia do español nos hábitos relixiosos do pobo. As estrofes de transmisión anónima fornecen exemplos moi fiábeis de nomes de santos que se encontraban en conflito co idioma imposto, tal como se detecta nos casos seguintes: *San Benito* (CPG I, 201) por *San Bento* ou *San Bieito*, *San Andrés* (CPG I, 68, 126, etc.) en vez de *Santo André*, etc. Con todo, non faltan testemuños de nomes autóctonos: *San Cibrán* (CPG III, 275), *San Xoán* (CPG I, 103; CPG II, 81), *San Xorxe* (CPG III, 100), *San Xulián* (CPG I, 126, 129), etc.

## 2.2. Os pseudogaleguismos

Como mecanismo de defensa e priorización do lingüisticamente xenuíno é que xorde un tipo de hipercorrección que ten como fundamento galeguizar formas que, pola historia, son perfectamente lexítimas mais que coinciden coa lingua imposta. Na realidade, este verniz que galeguiza formas que xa son autóctonas, sendo un benintencionado mecanismo de defensa, é máis unha forma de españolismo, pois marca a dependencia do idioma a respecto do castelán. Trataríase dun tipo de españolización

indirecta, pois é o español o que a motiva e non a propia lingua. Aínda que é durante o primeiro cuartel do XX cando se especialmente detecta esta defensa da lingua, é certo que a súa documentación, embora moi minoritaria, xa se acha en épocas moi anteriores. Durante os séculos do galego medio vanse atestar os primeiros sinais de soluciones xurdidas por un afán hipergaleguizador: “*colúa* (‘columna’) en 1612; *primaveira* (‘primavera’) en 1697; *apousento* (‘aposento’), *carabiña* (‘carabina’) ou *espousas* (por *esposas*, castelanismo por *alxemas*) no s. XVIII, no Padre Sarmiento; etc.” (Ferreiro 1997: 324, nota 501).

Nos anos finais do XIX acentuarase a tendencia galeguizadora, resultando verosímil que coadxuvasesen nesta súa produtividade algunas das indicáns que aparecen nas gramáticas e opúsculos lingüísticos de dita centuria, redixidos diglosicamente. Por citarmos só un exemplo, Cuveiro Piñol (1868: 5) reflicte certas equivalencias entre o galego e o español do modo seguinte:

La *ll* castellana cambia en *l* gallega, en las voces gallego-gallo, gallifa-galifa, pollo-pollón, lleva-leva, llevar-levar, llevó-levou. La *n* castellana muda en *ñ*, v. gr. lino-liño, padrino-padriño, etc. y al contrario la *ñ* en *n*, como en pequeño-pequeno caña-cana, etc. [...]. El diptongo gallego *ei* se convierte constantemente en *e* castellano vr. gr. Peito-pecho, leito-lecho, pucheiro-puchero, feira-fería [...]. El *ou* gallego, es *o* castellana v. gr. pouco-poco, chouza-choza, cousa-cosa, outeiro-otero, couce-coz.

Quizá fundamentándose nestes e outros parecidos comentarios, e sempre co afán diferencialista que pretende tornar galegas palabras que xa o son por orixe, a lingua vai case comportarse como un río a que vai dar calquera produto que pareza auga, previa reconversión ou adaptación. O propio Valladares (1970: 21) critica tal pretensión de diferencialismo, xa que, segundo el, “abusivo es galleguizar innecesariamente muchas [palabras] castellanas, ó adulterar las gallegas”. Sexa como for, as impresións do erudito estradense non callaron

nos máis dos escritores da época e, deste modo, dos textos publicados na altura é de onde proveñen os seguintes exemplos de pseudogaleguismos:

1) Español -ñ- → galego -n- e español -n- → galego -ñ. A partir da equivalencia entre pares de palabras tipo gal. *cabana* / esp. *cabaña*, aplícase idéntica analogía a voces que na nosa lingua tamén presentan a nasal palatal. É isto o que explica a documentación de formas como *estrania* (*LT* 20), *estrañas* (*FO* 47), *estranos* (*MU* 28), *estrane* (*NM* 24), *montana* (*LT* 83), *montanesa* (*PB* 128), *entrana* (*MU* 75), etc., das cales as más numerosas son as que afectan a familia lexical de *estraño*. Mais, así como é cara aos finais do XIX cando se comeza a detectar cunha certa regularidade unha grande parte de fenómenos pseudogaleguizadores, a fortuna de *estraño* na lingua literaria decimonónica xa ten antecedentes que remontan aos principios da centuria; así, convén notarmos que nas *Proezas de Galicia* se acha o uso da forma pseudogaleguizada no exemplo *estranès* (*PRO* 18). O caso contrario a estas alteracións, isto é, a mudanza de *n* para *ñ*, tamén se encontra, embora cunha representación máis cativa. Son exemplos desta adaptación os casos de *diviña* (*F* 17), *diviñizaria* (*F* 16), *cortiña* (*PB* 106), *uñeu* (*PM* 10), etc.

2) Español -n- e -l- → galego -Ø-. Desde pares tipo gal. *broa* / esp. *brona* e gal. *moa* / esp. *muela*, aplícase similar equivalencia a palabras que en galego presentan a nasal e a lateral intervocálicas e, subsecuentemente, xorden voces cal *azucea* (*BM* 31), *abandoácheme* (*LT* 60), *moréa* (*PB* 58), *miutos* (*PB* 94), *escea* (*FA* 72), *proporcioaría* (*NF* 35) *prisoeiros* (*RA* 95), *fertua* (*CM* 16) e *desfortúa* (*MR* 209), etc.; e como *feigreses* (*LT* 15), *tranquía* (*F* 57) e *intranquías* (*LT* 80), *cristaíno* (*MU* 92), *soares* (*OR* 10), etc.

3) Español -ll- → galego -l-. Se en galego á *pita* tamén se lle chama *galiña*, e se na lingua imposta esta ave doméstica recebe o nome de *gallina*, non é de extrañar

que se aplicase ocasionalmente esa mesma relación entre consoantes laterais a outras palabras e que aparecesen solucións como *orgulo* (FP 12), *orgulosa* (SV 114), *murala* (RA 30), *muralós* (LG 28), *batala* (OC 43), *humilando* (SV 114) e *humilóuna* (SV 114), etc.

4) Español oclusiva ou labiodental + *-l-* → galego oclusiva ou labiodental + *-r-*. Non resulta doadoo distinguirmos neste particular cando estamos diante da tendencia popular de tornar vibrante a lateral nestes contextos e cando, pola contra, nos achamos en presenza dun pseudogaleguismo. Porén, parece claro que a documentación de exemplos en que a lateral se converte en vibrante, sendo un fenómeno da lingua coloquial, debeu de verse axudada polo afán diferencialista de afastar o galego do español. Así as cousas, imos achar numerosos casos desa conversión, algúns probabelmente propios da lingua oral e outros impulsionados pola antedita tendencia, nomeadamente no caso de vocábulos de procedencia culta ou de pouca circulación na oralidade: *sobreime* (CS 11), *aprausos* (FP 57), *grorias* (FO 113), *incompretas* (FO 237), *recrama* (MU 43), *asambrea* (OC 12), *prumas* (OA 23), *inframás* (OA 26), *infrados* (VO 117), etc.

5) Español *-o-* → galego *-ou-* e español *-e-* → galego *-ei-*. Unha outra modalidade de conversión é aquela que se basea en correspondencias do tipo gal. *ouro* / esp. *oro*, que tornaría áinda “máis galegas” palabras que xa o eran: *hourizonte* (OC 12), *adoura* (CS 10), *sourrindo* (LT 8), *rousado* (LT 58), *ouceáno* (AL 61), *toulerías* (CO 21), *ourar* (BU 59), *idoulatrado* (PE 30), *colouca* (PE 33), *houras* (NF 15). Por outro lado, a se fundamentar en correspondencias como gal. *-eiro* / esp. *-ero*, priorízase un ditongo *-ei-* que supón outro verniz de galeguidade para vocábulos autóctonos. Así as cousas, palabras cal *sincero* ou *sinceridade*, *esferas* e mesmo *quimera*, etc., convértense ocasionalmente en *sinceiro* (FP 11), *sinceiridade* (VO V),

*esfeiras* (F 119) ou *quimeira* (F 69), etc.

6) Os casos dos ditongos crecentes. Sabido é que na nosa lingua os encontros silábicos de dúas vogais con marxe prenuclear son pouco representativos, pois son os ditongos decrecientes os más numerosos. Así as cousas, non se torna difícil de explicarmos que os escritores e escritoras decimonónicos efectuasen algún tipo de modificacións para mudaren esas casuísticas. Unha das alteracións, embora con pouca frecuencia de aparecemento, consistiu en eliminar ditos ditongos e formar equivalentes decrecientes grazas á metátese dun iode, como *escritoiro* (PB 19), *misteiro* (EF 59), *cimeteiro* (BG 18), *simeteiro* (F 24), etc. Asemade, o progresivo coñecemento da lingua antiga, unido a certas casuísticas que ainda debían de vigorar nalguhas rexións, cal os sufíxos *-zo*, *-za*, *-zón* *-són*, etc., fai que a palabras de incorporación máis tardía ao idioma se lle adxunten análogos sufíxos e que se rexistren casos como *importanza* (FX 39), *silenco* (LT 26), *comerzo* (RA 17), *esenza* (EF 114), *preferenzas* (PB 93), *infanza* (SO 86), *quizo* (FL 23), etc. Outra solución para reconvertir esas palabras con ditongo crecente foi similar á anterior, pois tamén simplificou a unidade. É así que, seguindo o modelo gal. *ferro* / esp. *hierro*, se aplica a mesma correspondencia a cultismos que tamén na nosa lingua presentan ese ditongo: *inconveniente* (CP 140), *sobresalente* (PT 66), *obedente* (EF 54), *ambente* (FA 18), etc.

Doutro lado, os ditongos crecentes en galego presentan unha notable tendencia para se pronunciaren como auténticos hiatos, o que inevitabelmente repercutre na silabación da palabra. Algúns autores decidiron case regularizar tal fenómeno e, inspirados tamén na vontade diferencialista e na lingua popular, deron en os converter en dúas sílabas claramente independentes. Talvez os escritores más representativos desta conversión sexan Roxelio Lois e Galo Salinas, que teñen un modelo de lingua literaria hiperenxebrizante, embora sen ser exclusiva deles, xa que noutrous escritores tamén se detectan idénticas

modificacións: *antuseasmado* (ES 27), *emigraceón* (ES 37), *naceón* (BU 26), *prémeos* (BU 53), *impéreo* (FE 14), *especeàl* (FA 17), *egoàl* (FA 19), *uneón* (TO 29), *escoadrón* (TO 30), etc.

7) Flutuacións no vocalismo átono motivadas por diferencialismo. As vogais átonas galegas son moito menos estábeis do que as tónicas e esta característica favorece que moitos deses elementos vocálicos inacentuados se vexan alterados. Teoricamente, un texto en que transparezan esas casuísticas sería sen máis considerado de carácter popular ou popularizante, mais unha firme priorización na escrita desas formas, tendo a súa base na lingua coloquial, debe ser antes entendida como outra tipoloxía de pseudogaleguismo, fundamentado na oralidade vulgar. Con todas as asistemáticas que se derivan dunha proxección forzada da lingua popular, nalgúns textos, como por exemplo os dos dous autores citados na anterior tipoloxía de pseudogaleguismos, é notábel esa pretensión enxebrizante: *melitar* (BU 19), *Amérecas* (BU 31), *acasion* (ES 41), *selencio* (FL 17), *enocencia* (FL 18), *últemo* (PE 21), *inondadas* (TO 20), *víncalos* (TO 31), etc.

8) Vocalización de consoantes oclusivas en posición posnuclear. A lingua popular galega non favorece elementos consonánticos oclusivos que traben o núcleo silábico, de aí que unha solución oral consiste en os eliminar (*acto*, *apto* → *ato*), e outra en vocalizar dita consoante (*aito* / *auto*). Que nas obras literarias se trata dunha utilización marcada polo afán enxebrista vén demostralo o feito de en textos moi más próximos da oralidade espontánea, como o *Cancionero* de Pérez Ballesteros, non se rexistrar nas proporcións con que se atesta na literatura culta. Os máis dos grupos cultos heterosilábicos (-cc-, -ct-, -bs-, -pt-, -ps-, etc.) sofreron unha desmesurada adaptación que consistiu en tornar o elemento trabante nunha semivocal, adoito [w]:

*ouservei* (CM 21), *ecriusaría* (ES 26), *próusimo* (F 22), *viutema* (FA 31), *correuto* (FL 22), *afliución* (FL 25), *eleuciós* (LH 12), *pléutro* (VO 35), *séusos* (VO 47), etc.

9) Outros casos de pseudogaleguismos. Nos textos decimonónicos documéntanse, así mesmo, diferentes tipoloxías de correccións en palabras coincidentes co español, mais cunha presenza notablemente inferior ás fenomenoloxías anteriores. Así, poñamos por caso, a partir da equivalencia gal. *home* / esp. *hombre*, principian a se atestar vocábulos como *soma* (CT 97) ou *somas* (PB 89). Aliás, sempre se tencionando a forma máis pura, xorde o sufijo *-eiría* en vez do autóctono *-aria* en palabras cal *bruxeiría* (RU 11), *fogueteiría* (FX 26), *postrimeirías* (PB 139), *sacarroneiría* (PT 99), *porteirías* (CP 98), etc., sufijo que tería un moi notorio suceso na literatura do século XX.

Doutro lado, tomando como modelo a correspondencia gal. *irmán* / esp. *hermano* e *irmá* / *hermana*, resultados románicos do GERMANU latino, nos anos finais do XIX comeza a se lles aplicar equivalente evolución a palabras que no galego presentan a solución culta. Aínda que non se trata dun recurso galeguizador tan empregado como o sería durante a centuria seguinte, isto non obsta para se rexistraren formas como *humá* (PB 107), *galiciás* (PB 180), *tirán* (FL 21), *román* (RA 94), *lusitás* (RH 13), etc. Outro dos modelos dialectais, isto é, *irmao* / *irmá*, tamén principia a se atestar para estes casos: *romaio* (RH 13), *romaos* (RH 15), *dominación româ* (RH 15), etc.

### 3. O binomio léxico patrimonial / léxico culto e os estranxeirismos

As linguas do noso contorno, desde os primeiros tempos da Idade Moderna, decidiron solucionar determinadas carencias léxico-semánticas mediante a incorporación de cultismos tirados do latín e do grego, así como tamén coa admisión de palabras procedentes doutras linguas. Non foi este o caso de Galiza. As

circunstancias sociopolíticas non a deixaron acudir directamente ás fontes grecolatinas para acrecentar a súa compoñente lexical e tampouco lle permitiron dirixirse ao francés, ao italiano, etc., para que lle proporcionasen solucións acaídas ás súas necesidades lexicais. Unha considerábel parte da literatura do XIX é fundamentalmente popular, non só por reflectir escenas habituais do campo, mais tamén por se caracterizar pola utilización dun léxico nomeadamente patrimonial: nesa centuria (e en menor medida ainda a día de hoxe), se ben son moi numerosos os vocábulos extraídos do ámbito rural, contrastivamente o léxico de procedencia culta e mesmo o proveniente doutros idiomas europeos é, en comparación, escaso.

### 3.1. A incorporación de cultismos no século XIX

No citado artigo de Saco Arce “Poesía gallega contemporánea. Sus defectos más comunes”, outra das cuestiós que se comentaban é o problema da recepción de formas cultas para unha lingua que, após séculos de uso ágrafo, principia a súa segunda singradura literaria. O autor pondera a necesidade de o galego contar coas fontes clásicas para a súa dignificación como vehículo axeitado para a literatura:

Tampoco me parece merecedor de represión el poeta que aspire a ennoblecer su lenguaje con el uso de ciertas palabras latinas [...]. No habrá, pues, inconveniente en decir ‘álmo, fúlgido, níveo, flamígero, bifronte, antro’ y otras voces á este tenor, que si no son gallegas, tampoco son castellanas, sino más bien tomadas de [...] la lengua de Virgilio (en Hermida 1992b: 109).

Non é de estranhar, pois, que, defendendo esa incorporación de cultismos para dignificar a expresión escrita en galego, os poemas de Saco Arce reflictan en ocasións formas tiradas das fontes clásicas, e tampouco

resulta raro que outros autores e autoras, a notaren similares carencias dentro dos repertorios vocabulares do idioma, tamén utilizasen o latín e o grego como recursos de alargamento lexical para o galego, como ilustran os casos de *níveas* (POE 366), *fulxentes* (POE 391), *refuxente* (F 178), *anathemas* (FO 112), etc.

A conveniencia, por tanto, de adicionar ao galego novos mananciais lexicais era sentida como unha necesidade de primeira orde para a dignificación do idioma. E o escritor que mellor representa de todo o século XIX o recurso clásico para a anovación vocabular é Eduardo Pondal, de quen afirma Ferreiro (1991: 69) que unha das características do seu galego é o intento “de construcción dunha lingua literaria e, sobre todo, da dignificación culta do idioma”, trazo que se evidencia “na utilización constante e frecuente de numerosísimos cultismos, algúns certamente sorprendentes, que se rexistran ao longo de toda a obra”. Entre as diferentes formas cultas pódense expor, a modo de exemplo, as que seguen, algunhas típicas da poesía pondaliana: *corpóreos* (QP 30), *adusto* (QP 35), *estérea* (QP 38), *oprobiosa* (QP 42), *fúlgido* (QP 104), *ingentes* (QP 106), *estulticia* (QP 108), *ignava* (QP 109), *pungente* (QP 123), *férvidas* (QP 130), *fórmide* (QP 148), *femíneas* (QP 149), *muliebres* (QP 149), *móbida* (QP 149), *imbele* (QP 161), *ignaros* (QP 164), *progenie* (QP 176), etc.

Mais a importancia de Eduardo Pondal non se reduce só á adopción de cultismos para unha lingua que non os tiña polo seu desenvolvemento histórico-político. O modelo lingüístico pondaliano marca tamén un fito no panorama cultural do século XIX e no de parte da centuria seguinte, pois non só se lle debe ao Bardo bergantiñán a introdución no rexistro literario galego dalgunhas formas lexicais, contemporáneas á súa entrada na lingua portuguesa (*apocalíptico*, *báquico*, *hetaira*, *maturidade*, etc.), ou nalgúns casos atestadas con anterioriade á súa documentación na outra ribeira do Miño (*conviva*, *trasfixio*, *lésbico*, etc.), ou mesmo sen se rexistraren nesta (*corusco*,

*estéreo, fórmide, roburento*, etc.), senón que, ao lado desta modernización lexical, cómpre salientarmos no galego de Pondal a perfecta harmonía con que se combinan procesos de renovación vocabular con recursos de marcado carácter popular, tradicional ou dialectal, como son, por citarmos un par de exemplos, a crase vocálica do adverbio *non* e a vogal da palabra seguinte (*N'hai unha fonte / tan fresca e pura*, *QP* 19) ou mesmo emprego da interpolación pronominal (*que cousas m'alí armou! / ¡Cousas que m'el dixo / con melosa voz!*, *QP* 88), etc.

Os exemplos de cultismos que expuxemos ao falarmos de Pondal están tirados maiormente de Ferreiro (1991: 69-70; 1997: 289), quen subliña as circunstancias sociais e culturais da incorporación de léxico culto no galego. Certamente, se a linguaxe literaria pondaliana é sorprendente pola acomodación desas formas cultas, moito más chamativa resulta a termos en conta que desde a Idade Moderna se produce a consabida anormalidade cultural do país, xa que, nas palabras deste investigador (Ferreiro 1997: 289), a poesía de Eduardo Pondal se converte “en paradigma dunha normalidade que historicamente, desde o final da Idade Media, nunca se conseguiu totalmente”. Quer seguindo o modelo do Bardo bergantiñán, quer se directamente inspirando nos seus poemas, a recorrenza ás linguas clásicas é perceptíbel nas poesías de Vaamonde Lores, ainda que sen chegar á altura estética e lingüística destes: *apolíneos* (*OC* 9), *áureo* (*OC* 10), *adusto* (*OC* 13), *horrido* (*OC* 20), *armígeros* (*OC* 20), *sonoro* (*OC* 48), *plectro* (*OA* 15), *gélido* (*OA* 34), *inermes* (*OA* 42), *mélidas* (*OA* 120), etc.; ou tamén, menos frecuentemente, na épica *Leenda de Groria* de Alberto García Ferreiro: *armíxero* (*LG* 34), *inxentes* (*LG* 35), etc.

### **3.2. A incorporación de léxico procedente doutros idiomas**

Embora, como indica Rodríguez Río (1998: 295), cada estudioso aplica de diferente maneira as nocións de empréstimo e interferencia, podemos convir en que o

primeiro corresponde lexicalmente a aquela importación que unha lingua determinada (A) efectiviza a respecto dun outro idioma (B) porque na lingua de chegada (A) non existe ese concepto ou esa entidade a que fai referencia; pola contra, a noción de interferencia presenta unha diferenza elemental, como é a circunstancia de que en (A) xa existe o elemento correspondente, e que, por este motivo, o termo proveniente de (B) protagoniza unha substitución. Os españolismos en galego, xa comentados más arriba, exemplifican este último proceso, ao paso que todo o léxico que demanda o noso o idioma aos seus veciños (*piano, bolxevique, haxixe, folclore*, etc.) ten a orixe en necesidades semántico-lexicais.

Das tipoloxías que se poden establecer para a clasificación de todas as casuísticas vocabulares que son candidatas para se consideraren empréstitos, hai unha que nos resulta especialmente de relevo, e é, de acordo con Ferreiro (1997: 280-281), a que os distingue entre empréstitos directos e indirectos. Os primeiros son os que entran no idioma por contacto directo deste con outro, ao paso que os segundos penetran mercé a unha terceira lingua que axe como intermediaria. En xeral, no caso galego a maioría dos empréstitos conseguiu introducirse a través do español, a teor da singular historia de Galiza. Así as cousas, durante o século XIX o castelán determinará non só a súa propia aceptación de empréstitos, mais tamén os condicionará para o idioma do país.

Como xa acontecía con fenómenos vocabulares antes comentados, cal os popularismos, arcaísmos, etc., o nivel de recorrenza dos empréstitos decorre paralelo, primeiro, á vontade estilística do autor, e, segundo, outravolta á temática do texto. Ás veces, a utilización de palabras procedentes dos idiomas europeos está determinada por conscientes propósitos irónicos; neste sentido, nun diálogo que manteñen un pai e o seu fillo, que está a estudar en Salamanca, este chega á súa casa falando unha mistura de galego e español atonada con voces procedentes do francés e do inglés, como *lunches*,

*intervievv, soires, chals, reportier, pauparles (BG 54-55).*

Noutras ocasións, no entanto, a recorrenza aos empréstimos é xustificada por no galego non existiren os obxectos ou realidades a que fan referencia. Un sobranceiro exemplo témololo no campo lexical dos patróns melódicos e rítmicos da música galega, pois até finais do século XIX mantivéronse en todo o país os xéneros característicos da nosa tradición musical. Mais xustamente no solpor decimonónico os músicos populares comezan devagaríño a se ver na obriga de interpretaren melodías e ritmos inicialmente foráneos. O seguinte fragmento, ao paso que fornece interesantes datos sobre o grao de aceitación dos patróns tradicionais galegos por parte de certos sectores da sociedade, ofrece tamén léxico procedente desde tales ámbitos:

O gaiteiro [...] repinica muiñeiras, fandangos e ribeiranas, pois o porgreso musical non poido, po-lo d'agora, desterralas por compreto, noso país, anque ás veces córrese ó tocar a padadita, chamando a sua veira as mozas e mozos d'aldea, ó mesmo tempo qu'a mûseca d'o pobo quér arrecadar pra sí, tocando desafinadas polkas e walses (ND 29).

Dese mesmo mundo urbano que infravaloraba a música tradicional proceden outras incorporacións lexicais inexistentes até entón que chegaran ás cidades desde homólogas realidades poboacionais europeas: *clowns* (F70), *club* (FO 243), *foie gras* (FP 46), *mortadella* (FP 46), etc.

Por outra banda, a polémica consideración de Galiza como un país celta tiña de ter entre as súas consecuencias a incorporación de léxico tirado dos idiomas gaélicos e os britónicos. En moitos casos destas incorporacións, a viaxe lexical chega ao galego, co español polo medio, desde idiomas cal o inglés ou o francés, e é moi posibel que nese espallamento no noso idioma cumprise un papel de primeira orde a poesía pondaliana. Nelas circunstancias é que se achán voces do tipo *dolmen* ou *clan*, que se encontran, para alén doutras composicións do mesmo

autor, en emblématicos textos da literatura galega contemporánea compostos polo Bardo da Ponteceso, cal “O dolmen de Dombate” ou “Os Pinos”.

#### 4. Outros aspectos do léxico

Ademais das cuestións sinaladas nos apartados anteriores, tamén merece unhas palabras verificarmos como determinadas voces van modificar o seu valor semántico no sentido de adicionaren novas significacións. Isto, como a maior parte dos fenómenos detectados nos textos, terá as súas relevantes repercuśóns na criación dun modelo lingüístico culto, apto para calquera tipo de circunstancias e de contextos. Neste sentido, vén sendo atribuído á Xeración Nós o feito de facilitar dita ampliación no plano do significado, e, realmente, tivo de certo un protagonismo fundamental, mais, non se negando o papel que Otero Pedrayo, Castelao, Cuevillas, etc., desempeñaron na modernización da prosa e do ensaio a través do antedito acrecentamento, os feitos indican que, polo menos en parte, xa se producira no século XIX.

Imos expor nas liñas que seguen uns exemplos ilustrativos de palabras patrimoniais empregadas con novos valores distintos aos que tradicionalmente tiñan, como é o caso da voz *fato*, que, se nun principio se refería a un ‘grupo de animais domésticos’, vai coñecer mesmo en rexistros lingüísticos coloquiais a utilización para indicar tamén, non sen un certo ton despectivo ou irónico, un ‘grupo de persoas’: *fato de nenas novas* (CPG I, 151), *fato de lambós* (CPG II, 63), etc. *Fato*, desde eses usos na oralidade popular, pasou a ser utilizado nas obras literarias, até para grupos de obxectos inanimados: *un fato de malas casas* (LT 29),, *un fato de recordos* (RI 155), etc.

*Mallar*, inicialmente só aplicábel aos traballos do campo, protagoniza unha produtiva ampliación semántica e é utilizado como sinónimo de *bourar*, adoito cun complemento preposicional preludiado por *en*. Dese

progresivo acrecentamento de valores é tamén testemuña a oralidade da época que se reflicte nas compilations de lírica tradicional: *uixeches en míñ mollar...* (*CO* 67); *de mollar o lombo!* (*CPG* III, 1), *malla n-o home* (*CPG* III, 146), etc. Paralelalmente, o verbo *espallar*, que en orixe era utilizado para a acción de ‘estender a palla’ nos labores agrícolas, acrecenta as súas posibilidades de uso a se empregar en contextos á marxe do mundo rural co valor máis xenérico de ‘estender’: *Espallóuse treboaada d’armunías* (*LT* 97); *Espallando nos ares / Meus docísimos versos* (*OA* 143); etc.

Outrosí, de entre *rubir* e *subir*, este último coincidente co español, escóllese en ocasións o primeiro, que significa ‘agatuñar’, ‘subir con dificuldade’, etc., e que pode ser empregado co valor máis xenérico de *subir*: *D’os disgraciados que ruben* (*F* 18); *Branca pombiña que rubes* (*F* 119); *Eles rubían, rubían; o castelo xa non se vía* (*LT* 95), etc. Máis un exemplo é o que se detecta co substantivo *cerne* ou *cerna*, ‘corazón ou parte interior da madeira’, pois modifica o seu significado para posibilitar o valor de ‘esencia íntima de algo ou de alguén’: *cerna da alma e vida da poesía galiciana* (*RH* 65).

A importancia de moitas destas palabras fica corroborada con só lermos algúns dos clásicos do século XX, continuadores en boa medida de moitos destes alargamentos semánticos. Talvez un dos más sobranceiros exemplos resida no uso literario da palabra *esgrevio*, empregado como equivalente a ‘nobre’, ‘lanzal’, etc., a que Carballo Calero (1976) xa lle consagrrou un interesante opúsculo. O humanista ferrolán documenta a forma *esgrevio* nas montañas orientais da provincia de Lugo, cunha significación non sempre constante: ‘puro’, ‘duro’, ‘seco’, etc.; e tamén localiza a súa primeira atestación nun texto de Francisco de la Iglesia, publicado en 1885: *Ja non houbo Poeta galaico, / Si térm sangu’ esgrevia* (*IG*, I 15). Carballo Calero indica, aliás, como nos autores contemporáneos que utilizaron dito adxectivo, o seu significado nada tiña que ver coa súa proveniencia rural,

mais a súa acollida por parte do galego literario non demorou en superar con nota o exame; uns poucos anos despois, en 1894, aparece empregado por Lugrís Freire, embora combinado con *egrexio*: *E decote vertendo esgrebias vagoas* (*SO* 40); *Aquí naceron artistas / De renome mui agrexio* (*SO* 61).

Por último, á parte dos exemplos expostos até agora, é igualmente relevante constatarmos como se lle vai concedendo preferencia ao léxico galego distinto do castelán en detrimento de homólogas palabras que coinciden coa lingua imposta. Os escritores e escritoras do século XIX prefiren empregar vocábulos distintos aos españois, mesmo secundarizando outros que, pola historia dos dous iberorromances, eran considerados espellos precisos dos análogos casteláns. Esta tendencia, así e todo, non se corrobora en toda a centuria, mais cara ao final, e é o que explica o suceso de *bágoa*, *beizos*, *brétema*, *eidos*, *ledo / -a*, *ouvir*, etc., que, sen chegaren a ser vocábulos exclusivos, se usan cunha maior frecuencia do que *lágrima*, *labio*, *néboa*, *alegre*, *oir*, etc.

Noutra orde de cousas, con relación a palabras que coñecían un uso rendíbel no outono decimonónico, convén citarmos o caso de *achar*, ‘encontrar algo logo de buscar’. Nas obras da altura detéctanse moitos exemplos de *achar* utilizado conforme a tradición lingüística galego-portuguesa, e non rexeitamos que nalgúns destes casos estea detrás unha utilización motivada por motivos diferencialistas: *O camiño hachábase cuberto d'estrume* (*SO* 109); *Donde queira que m'hachase* (*AL* 27); *N-o mundo se hacha durmido* (*MU* 92); etc. Non obstante, os autores da altura tamén coñecen o que na actualidade é más habitual, *topar* ou *atopar*, e mesmo se teñen datos que apontan a que xa na época este verbo estaba desprazando *achar*: Pérez Ballesteros, a este respecto, subliña que tamén “se dice *hachéino* y con más frecuencia *topeino*” (*CPG* II, 245, nota 3).

O derradeiro aspecto a que queremos consagrar

unhas liñas é a sempre interesante cuestión do creacionismo lexical. O léxico dunha lingua non é constante, polo menos na maneira en que o son as palabras gramaticais, senón variábel, pois certas unidades vocabulares poden deixar de ser empregadas e outras, contrastivamente, pasaren a formar parte del. Nesta mudanza permanente, a creación de palabras cumpre un papel de primeira liña, xa que permite que os utentes do idioma, quer falantes, quer escritores, xeren novas entradas e que, subsecuentemente, estas ingresen nas tabelas lexicais. A formación de palabras é, por tanto, un elemento revelador das necesidades expresivas e constitúe un procedemento constante desde os primeiros tempos do idioma.

Para findarmos estas liñas, centraremos as nosas palabras en solucións detectadas no XIX, que tiveron, algunhas delas, un uso moi produtivo na literatura posterior. O diferencialismo debeu desenvolver aquí, outra vez, un papel decisivo, pois varios dos exemplos parecen ser antes debidos a esa vontade diferenciadora do que a reproducións da fala. Un dos casos que mellor reflictén esa ansia é o que se observa co verbo *enxugar*, que coñece un participio irregular baixo as formas *enxoito*, *enxuito* ou *enxuto*, de acordo coas respectivas distribucións dialectais; e como *enxugar* moi posibelmente fose sentido como un verbo próximo de máis do correspondente español, aparece o verbo *enxoitar*, derivado do participio: *a roupa enxoitaba* (CS 20); *falsas bagoas enxoitando* (NF 105); *o paisano enxoitou unha bágoa* (NF 109); etc. Non constitúe este o único caso de creación dun verbo: un outro que merece ser apuntado é *alaudar*, formado posibelmente desde o latín LAUDARE e cruzado co español *alabar*; entre *louvar*, perdido na lingua oral, ou *alabar*, verbo típico da Meseta, Roxelio Lois decantouse pola innovación: *Alaudan tua lembranza* (ES 26); *que alaudar sempre terán / o bón curazón* (ES 36); *tamen te alaudio* (ES 39); etc.

Por último a reemerxencia da literatura galega no XIX tiña de ter as súas consecuencias na aparición de léxico

específico do mundo editorial. Esta circunstancia é a que fixo nacer o verbo *imprentar*, desde a *imprenta* do español, solución que se convertería xa nun clásico dentro do formato libresco durante o século XX. Aínda que xa está detectada noutras obras da época (por exemplo *GRE* 1), o que semella máis relevante, a teor do uso que tivo posteriormente como colofón das obras publicadas en galego, é a súa utilización nas palabras finais do libro. Deste modo, as obras *Ferruxe* e *Rayolas* findan nas súas derradeiras páxinas facendo ese tipo de indicacións: *acabouse d'emprentar iste libriño* (*FR* [79]) ou *Emprentouse este libriño* (*RA* [151]); etc.

## 5. Conclusións

En síntese, a conformación do léxico literario do século XIX permitelles a entrada a voces dialectais e populares, ábrellas sen alfándegas as portas aos españolismos incrustados no galego, filtra algunha voz recuperada desde o portugués ou desde a lingua antiga e, esporadicamente, aprópiase de léxico proveniente das xirias gremiais. A tendencia diferencialista determinará en moitos casos a deformación de palabras xenuinamente galegas, facilitando os pseudogaleguismos, ao paso que esa mesma vontade vai explicar certas ampliacións semánticas e creacións vocabulares. Doutra parte, os empréstimos e os cultismos, quitando algunhas excepcións, chegan comunmente ao idioma co español polo medio e non directamente desde a lingua orixinaria.

A relevancia deste proceso de elaboración dunha lingua literaria durante o XIX será determinante nas primeiras décadas da centuria seguinte. Os autores e autoras do primeiro terzo de século non fan senón continuaren, cuns resultados do punto de vista da formación de palabras ou do alargamento semántico certamente louvábeis, esas tendencias xa principiadas ou parcialmente exploradas polos devanceiros decimonónicos, ao paso que tamén desenvolven o recurso

da recorrenza ao portugués e tolerarán a entrada de voces dialectais, populares ou arcaicas.

## **Notas**

<sup>1</sup> Este traballo realizouse no marco do proxecto de investigación intitulado *A formación da lingua literaria galega no século XIX*, dirixido na Universidade da Coruña polo Prof. Dr. Xosé Ramón Freixeiro Mato e subvencionado pola Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento da Xunta de Galiza.

<sup>2</sup> Lévase dito con moita frecuencia dunha boa parte da literatura do XIX que era esta fortemente folclórica, ruralizante, etc., o cal, sen ser necesariamente mentira, precisa de se matizar: como indica García Negro (2001: 92-93), se unha poboación maioritariamente rural, coa emigración sempre latente, se un pobo submetido a rendas, ‘trabucos’, etc., se unha sociedade aculturada, enfín, se ve reflectida nas obras literarias, o fenómeno debe ser entendido mellor como realismo antes do que con “definicións rotineiras, valoracións nugallás” que non teñen en conta a realidade social, cultural e económica do país.

<sup>3</sup> Para un estudo das reminiscencias medievais en autores decimonónicos, véxase López (1991), quen matiza a información referida aos textos da Idade Media no XIX: “cremos que é necesario senón romper, cando menos relativizar o ‘tópico’ sobre o descocieicimento dos cancioneiros na Galiza do século XIX, así como o da ignoráncia da tradición literaria precedente. É certo que grande parte dos textos se perderan e que só se mantivo durante longo tempo a ‘memoria’ da existencia dalgunhas obras e autores mais, mesmo en tan limitada esfera, recorreu-se a esa descocieicida e moitas veces suposta literatura anterior como argumento histórico lexitimador, primeiro da individualidade galega (Neira de Mosquera), logo xa, timidamente, da literatura contemporánea. Referindo-nos ao coñecimento real dos textos cancioneiris, bastará lembrar a Vesteiro Torres para demostrar que, como mínimo, resulta impreciso falar da súa ignoráncia no XIX galego” (López 1991: 93).

## **Referencias bibliográficas (“A lingua literaria decimonónica” I, II e III)**

Álvarez, R. / Regueira, X. L. / Monteagudo, H. (1986): *Gramática galega* (Vigo: Galaxia).

## Xosé Manuel Sánchez Rei

- Alonso Montero, X. (1970): *Constitución del gallego en lengua literaria. Datos de una problemática cultural y sociológica en el siglo XIX* (Lugo: Celta).
- Álvarez Giménez, E. (1909) [1870]: *Los defectos del lenguaje en Galicia y en la provincia de León. Estudio gramatical basado en la doctrina de la Academia y en el uso de los buenos escritores* (Valladolid: Imprenta y Librería de Andrés Martín).
- Barreiro Fernández, X. R. / Axeitos, X. L. (2000): *Manuel Murguía: vida e obra* (Vigo: Xerais).
- Calvet, J.-L. (1993): *Lingüística e colonialismo* (Santiago de Compostela: Laioveneto).
- Carballo Calero, R. (1972): *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Carballo Calero, R. (1976): “Sobre el uso literario de la palabra *esgrevio*”, *Verba*, 3: 35-43.
- \_\_\_\_\_. (1979) [1966]: *Gramática elemental del gallego común* (Vigo: Galaxia).
- \_\_\_\_\_. (1980): “A fortuna histórica do galego”, en *Problemática das línguas sen normalizar. Situación do Galego e alternativas*: 105-128 (Ourense: Asociación Socio-Pedagóxica Galega / Xistral).
- \_\_\_\_\_. (1986): “Conjecturas sobre a autoría dos diálogos compostelanos de principios do século XIX (1812-1936)”, en *Iº Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza*: 721-730 (A Coruña: AGAL).
- Costa, X. X. / González, M. A. / Morán, C. C. / Rábade, X. C. (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da língua* (A Coruña: Vía Láctea).
- Cubí i Soler, M. (1861): “Introducción”, en Fernández y Morales, A., *Ensayos poéticos en dialecto berciano: III-XXXV* (León: Establecimiento tipográfico de la Viuda é Hijos de Miñon).
- Cuveiro Piñol (1868): *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes* (Pontevedra: Imprenta de José A. Antúnez y Cía Editores).
- Cuveiro Piñol, J. (1876): *Diccionario gallego, el más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día, con las voces antiguas que figuran en códices, escrituras y documentos antiguos, términos familiares y vulgares, y su pronunciación. Para la escuela de Diplomática, anticuarios, jueces, abogados, escribanos, párrocos y otras personas á quienes es indispensable su frecuente uso* (Barcelona: Establecimiento tipográfico de N. Ramírez y Cº).
- Fernández Rei, F. (1991) [1990]: *Dialectoloxía da lingua galega* (Vigo: Xerais).
- Ferreiro, M. (1991): “A lingua pondaliana e a formación do estándar literario galego”, *Cadernos de lingua*, 4: 49-70.

### A lingua literaria decimonónica (III): aspectos do léxico

- (1997): *Gramática histórica galega. Vol. II. Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Laiemento).
- (1999) [1995]: *Gramática histórica galega. Vol. I. Fonética e morfosintaxe* (Santiago de Compostela: Laiemento).
- Ferrer i Gironès, F. (1986): *La persecución política de la llengua catalana* (Barcelona: Edicions 62).
- Filgueira Valverde, J. (1947): “El primer vocabulario gallego y su colector, el bachiller Olea (c. 1536)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 2, 8: 591-608.
- García Ares, M. (ed.) (1992): *Nuevo suplemento al diccionario gallego-castellano publicado en 1884 por Dn. M(arcial) V(alladares) Núñez, autor de uno y otro, confesando que, entre los vocablos de este suplemento, 250 son debidos a la amabilidad del señor Dn. Manuel Leiras Pulpeiro y 30 a la de los señores Dn. Amador Montenegro e Dn. Manuel Pardo Becerra. 1896. Anexo 4 de Cadernos de Lingua* (A Coruña: Real Academia Galega).
- García Blanco, M. (1912): *Consideraciones sobre la decadencia y la rehabilitación de la lengua gallega* (Lugo: Imprenta El Norte de Galicia).
- García Negro, M.ª. P. (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística* (Vilaboa – Pontevedra: O Cumio).
- (2001): “Lamas Carvajal: a literatura galega utilitaria ao servizo da patria reivindicada”, en *Xornadas sobre V. Lamas Carvajal. Actas das xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Ourense os días 21 e 22 de outubro de 1999*: 87-104 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo).
- García Turnes, B. (1998-1999): “A lingua galega entre dous séculos (1878-1916), contribución á historia sociolingüística do galego”, *Revista de lengua y literatura catalana, gallega y vasca*, 6: 169-180.
- (1999): “A situación do galego entre 1875 e 1916. Perspectiva sociolingüística”, en Kreemer, D. (de) *Actas do V Congreso Internacional de Estudios Galegos. Volume II: 799-815* (Trier: Ediciós do Castro / Publicacións do Centro de Documentación de Galicia da Universidade de Trier).
- Gondar, F. García (1978): *O infinitivo conxugado en galego. Anejo 13 de Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Genette, G. (1981) [1962]: *Palimpsestes* (Paris: Seuil).
- Hermida, C. (1992a): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)* (Vigo: Xerais).
- (1992b): *A reivindicación da Lingua Galega no Rexurdimento (1840-1891). Escolma de textos* (Santiago de Compostela:

## Xosé Manuel Sánchez Rei

- Consello da Cultura Galega).
- \_\_\_\_\_(2002): “Introducción”, en Pintos, X. M.: *A gaita gallega*: 9-72 (Vigo: Xerais).
- Iglesia, A, de la (1898): “Aturuxos”, en Armada Teixeiro, R. (1918) *Da terriña (Versos Gallegos) Milicroques. A-la-lá. Caldo de grelos. Prólogos e xuicios críticos de Alvaro de la Iglesia, M. Curros Enríquez, V. Fraiz Andón, E. Núñez Sarmiento, Aniceto Valdivia*: 101-102 (Habana: Ruiz y Ca.).
- López, T. (1991): *Névoas de antano. Ecos dos cancioneiros medievais galego-portugueses* (Santiago de Compostela: Laiemento).
- López Varela, E. (1998): *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez. Estudio, edición, notas e apéndices*. 2 vols. (A Coruña: Deputación Provincial da Coruña).
- \_\_\_\_\_(2000): “Achegamento ao galego literario de Curros Enríquez”, *Revista Galega de Filoloxía*, 2: 105-127.
- Lugrís Freire, M. (1931) [1922]: *Gramática do idioma galego* (A Cruña: Imprenta Moret).
- Marco, A. (1978): “O elemento popular no galego de López Ferreiro”, *Grial*, 62: 469-474.
- Mariño Paz, R. (1995): “Notas para a caracterización sociolingüística da Galicia dos séculos XVIII e XIX”. *A Trabe de Ouro* 24: 81-87.
- \_\_\_\_\_(1999) [1998]: *Historia da lingua galega* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- Martínez González, M. (1883): “Tratado sobre el modo de escribir y hablar con propiedad el dialecto gallego”, *Poemas gallegos*: 121-130 (Pontevedra: Tipografía y Comercio de José M. Madrigal).
- Mirás, F. (1864), *Compendio de gramática gallega-castellana* (Santiago de Compostela: Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás).
- Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega* (Vigo: Galaxia).  
/ Vilavedra, D. (1993): “Introducción”, en R. de Castro, *Follas novas*: 7-103 (Vigo: Galaxia).
- Murguía, M. (1915): “Unas cuantas palabras...”, en Herrera Garrido, F.: *Almas de muller... ¡Volallas n'a luz!*: V-XI (La Coruña: Roel).
- Neira, M. / Riveiro, X. (eds.) (1992): *Vocabulario gallego-castellano de Juan Manuel Pintos*. Anexo 5 de *Cadernos de Lingua* (A Coruña: Real Academia Galega).
- Ninyoles, R. (1991): *Estructura social e política lingüística* (Vigo: Ir indo).
- Pensado, J. L. (1974): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII* (Vigo: Galaxia).  
\_\_\_\_\_(1985): *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos* (A Coruña: La Voz de Galicia).  
\_\_\_\_\_(1988): “La lexicografía gallega decimonónica”, en Lorenzo, R. (ed.), *Coloquio de lexicografía* (27 e 28 de febreiro e 1º de marzo de

## A lingua literaria decimonónica (III): aspectos do léxico

- 1986). Anexo 29 de *Verba*: 49-56 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Risco, V. (1976): *Manuel Murguía* (Vigo: Galaxia).
- Rodríguez, F. J. (1863): *Diccionario gallego-castellano* (Coruña: Imprenta del Hospicio Provincial).
- Rodríguez, F. (1976): "La lengua", *Los Gallegos*: 219-240 (Madrid: Istmo).
- \_\_\_\_\_. (1988): *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro* (A Coruña: AS-PG).
- \_\_\_\_\_. (1989): "A conciencia lingüística no século XIX en relación coa dos nosos días", *Actas do II Congresso Internacional da Lingua Galego-Portuguesa na Galiza*: 663-670 (A Coruña: AGAL).
- Rodríguez, M. Rodríguez (1900): "Apuntes gramaticales sobre el romance gallego de la *Crónica Troyana*", en Martínez Salazar, A. (ed.): *Crónica Troyana. Códice Gallego del Siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid*: 1-87 (A Coruña: Deputación Provincial).
- Rodríguez Río, X. A. (1998): "O tratamento dos préstamos na norma léxica do galego", *Verba*, 25: 293-322.
- Saco Arce, J. L. (1868): *Gramática gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).
- Salgado, B. F. / Monteagudo, H. (1995): "Do galego literario ó galego común. O proceso de estandardización na época contemporánea", en Monteagudo, H. (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*: 99-176 (Vigo: Galaxia).
- Sánchez Rei, X. M. (1999): *Se o vós por ben teverdes. A interpolación pronominal en galego* (Santiago de Compostela: Laiovenio).
- \_\_\_\_\_. (2002): *Os pronomes demostrativos: do latín ao galego contemporáneo*, Monografía 1 da Revista Galega de Filoloxía (A Coruña: Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística / Área de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña).
- Santamarina, A. (1995): "Norma e estándar", en Monteagudo, H. (ed.), *Estudios de sociolingüística. Sobre a norma do galego culto* (Vigo: Galaxia).
- \_\_\_\_\_. (2001): "Os lexicógrafos galegos. Historia dunha profesión", en Departamento de Filoloxía Galega (ed.): *Día das Letras Galegas. 2001. Eladio Rodríguez González*: 7-21 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Santiago y Gómez, J. (1918): *Filología de la lengua gallega* (Santiago de Compostela: Tipografía de El Eco Franciscano).
- Silveira, Sousa da (1971): *Fonética sintáctica* (Rio de Janeiro: Fundação Getúlio Vargas).
- TMP = *O Tío Marcos d'a Portela*. Edición facsimilada (1989) (A Coruña: Edman Ediciones).
- Valladares, M. (1884): *Diccionario Gallego-Castellano* (Santiago: Seminario Conciliar Central).

- \_\_\_\_ (1970) [redixida en 1892]: *Elementos de gramática gallega* (Vigo: Galaxia / Fundación Penzol).
- Varela Barreiro, X. (1993): “Álvaro Cunqueiro, experimentador nos dominios gramaticais”, *Congreso Álvaro Cunqueiro. Actas do Congreso celebrado en Mondoñedo entre os días 9-13 de setembro de 1991*: 61-70 (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Consellería de Cultura).
- Varela Cabezas, R. (1997): “Galeguismos en *La madre naturaleza*, de Emilia Pardo Bazán”, *Cadernos de Lingua*, 16: 103-129.
- Vasconcellos, J. Leite de (1902): “Estudos de philología gallega”, *Revista Lusitana*, 7: 198-229 [Vocabulario anónimo do s. XIX].

## Abreviaturas utilizadas na citación das obras do XIX (I, II e III)

- AD Martelo Paumán, E. (1885): *Os Afillados do Demo* (A Coruña: Establecimiento Tipográfico de J. Puga).
- AL Pereira, A. (1891): *Cousas d'Aldea. Versos Galegos*, 1891 (A Coruña: Andrés Martínez / Casa de la Misericordia).
- AM Curros Enríquez, M. (1886): *Aires d'a Miña Terra*. 3<sup>a</sup> ed. (A Coruña: La Voz de Galicia).
- AN Pereira, Aureliano J.: “Anexo poemas”, en M<sup>a</sup> José Rodríguez Valcárcel: *Aureliano J. Pereira no Rexurdimento galego*: 105-122 (Lugo: El Progreso).
- AT Armada Teixeiro, R. (1898): *Aturuxos...*, 1898 (La Habana: Imprenta y Papelería “La Universal”).
- BG Lois Vázquez, M. (1890): *Brisas Gallegas...*, (Lugo: Gerardo Castro)
- BR Carré Aldao, E. (1896): *Prosa e verso. Brétemas* (A Coruña: Carré).
- BU Lois Estévez, R. (1899): *Burbujas. Libro de Versos en Castellano y en Gallego* (Pontevedra: La Oliva).
- C Rodríguez López, J. (1894): *Costumbres gallegas. A malla* (Lugo: El Regional).
- CA Lamas Carvajal, V. (1875): *Cartas-ós Gallegos* (Ourense: Ramos).
- CC Lois Estévez, R. (1899): *Colección de cantares gallegos* (Pontevedra: La Oliva).
- CG Castro, R. de (1992): *Cantares Gallegos*. Ed. de A. Pociña e A. López (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- CM Rodríguez López, X. (1895): *Cousas das mulleres. Poema...* 2<sup>a</sup> edición (Madrid: Ricardo Rojas).
- CÑ Losada, B. (1888): *Contiños* (A Coruña: Andrés Martínez / José Míguez Peinó y Hermano).

## A lingua literaria decimonónica (III): aspectos do léxico

- CO Lois Estévez, R. (1893): *Contos e Cantares...*, (Pontevedra: Viúda de Madrigal).
- CP Otero Pimentel, L. (1898): *Campaña da Caprecórneca* (El Comercio Tipográfico).
- CPG Pérez Ballesteros, J. (ed.) (1885-1886): *Cancionero Popular Gallego*. Vols. I, II, III (Madrid: Fernando Fé).
- CR Pérez Placer, H. (1887): *Cantares*. 2ª edición (Santiago: José Galí).
- CS Pereira, A. (1892): *A Cova da Serpe. Leyenda en Verso Gallego* (Lugo: El Regional).
- CT Pérez Placer, H. (1885): *Contos da terriña* (A Coruña: Andrés Martínez).
- CH García Ferreiro, A. (1890): *Chorimas* (A Coruña: Andrés Martínez / Casa de la Misericordia).
- DA Anónimo (1836): *Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo é Freitoso* (Santiago: Imprenta de J. Núñez Castaño).
- DS Curros Enríquez, M. (1969): *O Divino Sainete* (A Cruña: Ediciós do Castro).
- DT *Diálogo tercero en la Alameda de Santiago, entre los mismos Cristobo, Farruco, Freitoso y el Cura consabido* (Santiago: Imprenta de don J. F. Campaña y Aguayo).
- EC Anónimo (1837): *Encuentro y coloquio que tuvieron na Pontella de Chainsa cercana á vila de Noia...*, (Santiago: Imprenta de José Fermín Campaña y Aguayo)..
- EF Lamas Carvajal, V. (1877): *Espiñas, Follas e Frores*. 3ª edición (Madrid: Imprenta y Fundición de M. Tello).
- EP Fernández y Morales, A. (1861): *Ensayos Poéticos en Dialecto Berciano* (León: Imprenta de la Viúda é Hijos de Miñón).
- ES Lois Estévez, R. (1894): *Estrugas. Libro de Versos en Gallego* (Pontevedra: Viúda de J A. Antúnez).
- F Dato Muruais, F. (1891): *Follatos. Poesías Gallegas* (Ourense: Antonio Otero).
- FA Lois Estévez, R. (1894): *Fabas e Castañas. Libros de Versos en Gallego...*, (Pontevedra: José Eiras).
- FE Montenegro Saavedra, A. (1892): *Fábulas y Epigramas* (Lugo: Xerardo Castro).
- FG Pérez Ballesteros, J. (1888): *Foguetes* (A Coruña: Andrés Martínez / Ferrer).
- FL Salinas Rodríguez, G. (1892): *Filla* (A Coruña: La Guttenberg).
- FN Castro, R. de (1880): *Follas Novas* (La Habana La Propaganda Literaria).
- FO Rodríguez González, E. (1894): *Folerpas* (A Coruña:

## Xosé Manuel Sánchez Rei

- Andrés Martínez, Editor).
- FP García Ferreiro, A. (1892): *Follas de Papel* (Madrid: M. Tello).
- FR Ribalta, A. (1894): *Ferruxe* (A Coruña: Andrés Martínez / Ferrer).
- FT Pérez Placer, H. (1888): *O fillo dos tronos* (Santiago: Alende).
- FX Iglesia González, F. M. de la (1882): *A fonte do xuramento* (A Coruña: Vicenzo Abad).
- GA Lamas Carvajal, V. (1887): *Gallegada* (Ourense: El Eco de Oresne).
- GG Pintos Villar, X. M. (1853): *A gaita gallega* (Pontevedra: Imprenta de D. José y Primitivo Vilas).
- GM Mirás, F. (1864): *Compendio de Gramática Gallega-Castellana* (Santiago: Establecimiento Tipográfico de Manuel Mirás).
- GRE Armada Teixeiro, R. (1895): *Caldo de grelos* (La Habana: Propaganda Literaria).
- HP Lois Vázquez, M. (1899): *Horas Perdidas* (A Coruña: Carré).
- IG Iglesia González, A. (1886): *El idioma gallego. Su antigüedad y vida* (A Coruña: La Voz de Galicia).
- LF Noriega Varela, A. (1899): *Leite Fresco* (Luarca: Ramiro P. Del Río).
- LG García Ferreiro, A. (1891): *Leenda de Groria (Poema)* (Ourense: Imprenta La Popular).
- LH Salinas Rodríguez, G. (1894): *Lenda de Horrore (A mitra de ferro ardente)* (A Coruña: Carré).
- LT Pérez Placer, H. (1891): *Contos, leendas e tradicións* (Ourense: Imprenta de El Eco de Orense).
- MA Lamas Carvajal, V. (1890): *A Musa d'as Aldeas*, 1890 (Ourense: El Eco de Orense).
- MM Labarta Pose, E. (1896): *Millo-Miudo. Versos Gallegos...*, (Viúda e Hijos de Carragal).
- MR Barcia Caballero, J. (1883): *Mesa revuelta*, 1883 (La Gaceta, F. de la Torre y Ca.).
- MU Montenegro Saavedra, A. (1896): *Muxenas...*, (Vigo: Ánxel Varela).
- ND Portela Pérez, F. (1894): *Notas descriptivas sobre as romarias en Galicia. 2ª edición* (Pontevedra: Imprenta e comercio d'Andrés Landín).
- NF Vázquez Taboada, Á. (1888): *As noites no fogar* (A Coruña: A. Amenedo Ponte).
- NM Armada Teixeiro, R. (1885): *Non más emigración* (La Habana: A Correspondenza de Cuba).

## A lingua literaria decimonónica (III): aspectos do léxico

- OA Vaamonde, F. (1897): *Odas de Anacreonte* (A Coruña: Carré).
- OB García Acuña, F. (1887): *Orballeiras* (Betanzos: Imprenta de A. Amenedo Ponte).
- OC Vaamonde, F. (1894): *Os Calaicos* (La Habana: Imprenta y Papelería “La Universal”).
- OFA Añón, F. (1991): “Corpus poético de Añón”, en Bel Ortega, F.: *Vida e obra de Francisco Añón*: 231-487) (Pontevedra: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa).
- OR Pereira, A. / González López, D. L. (1891): *Poesías originales* (Lugo: El Regional).
- P Valladares Núñez, A. (2000): *Poemas* (A Estrada: A Fouce).
- PAX Rodríguez López, X. (1898): *Pasaxeiras. Colección de poesías gallegas* (Madrid: Ricardo Rojas).
- PB Álvarez de Novoa, F. (1896): *Pé das Burgas* (A Coruña: Andrés Martínez / Casa de la Misericordia).
- PE Lois Estévez, R. (1888): *Pelra... Antre Seixos* (Pontevedra: Carragal y Puga).
- PG Camino, A. (1896): *Poesías Gallegas* (A Coruña: Andrés Martínez / Viuda de Ferrer e Hijo).
- PGI *Prosa galega I. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós*: 9-177 (Vigo: Galaxia, Cátedra de Lingüística e Literatura Galega, Universidade de Santiago), 1976.
- PM Cuveiro Piñol, J. (1896): *Pedro Madruga* (La Opinión).
- PO Losada, B. (1876): *Poesías* (A Coruña: Editora Domingo Puga).
- POI Ponal, E. (2001): *Poesía galega completa II. Poemas impresos*. Ed. de M. Ferreiro (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- POE Saco Arce, J. A. (1878): *Poesías* (Gregorio Rionegro Lozano).
- PRO Fernández y Neyra, J. (1810): *Proezas de Galicia* (A Coruña: Imprenta de Vila).
- PT Martínez González, M. (1883): *Poemas Gallegos Seguidos d'un Tratado...*, (Pontevedra: José M. Madrigal).
- QP Ponal, E. (1995): *Poesía galega completa I. Queixumes dos pinos*. Ed. de M. Ferreiro (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).
- RA Carré Aldao, E. (1898): *Verso e Prosa. Rayolas...*, (A Coruña: Carré).
- RH Vaamonde Lores, F. (1898): *Resume da Historia de Galicia* (A Coruña: Carré)
- RI Barcia Caballero, J. (1891): *Rimas* (A Coruña: Andrés Martínez / Casa de la Misericordia).
- RU Noriega Varela, A. (1895): *De Ruada* (Luarca: Imprenta de Rollán y Ca.).
- SA Lamas Carvajal, V. (1893): *Saudades Gallegas*. 2ª edición

## Xosé Manuel Sánchez Rei

- (Ourense: El Eco de Orense).
- SG Fandiño, A. B. (1849): *Sainete en gallego para cuatro personas (A Casamenteira)* (Ourense: Of. de Juan María Pazos).
- SL Rodríguez López, X. (1899): *A Cruz de Salgueiro* (Lugo: El Regional).
- SO Lugrís Freire, M. (1894): *Soidades. Versos en Gallego* (La Habana: Avisador Comercial).
- ST Anónimo (1836): *Sigue la tertulia de Picaños...* (Santiago: Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo).
- SV Losada, B. (1886): *Soazés d'un Vello* (A Coruña: La Voz de Galicia).
- TB López Ferreiro, A. (1895): *A tecedeira de Bonaval.* 2ª edición (A Coruña: Andrés Martínez / Casa de la Misericordia).
- TO Salinas Rodríguez, G. (1891): *A Torre de Peito Burdeilo* (A Coruña: Vicenzo Abad).
- TP Anónimo (1836): *La tertulia de Picaños...*, (Santiago: Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo).
- TQ *La tertulia en la Quintana o diálogo entre Andruco, Xacobe y Alberte el Día de Corpus*, 1820 (Santiago: Imprenta de D. Manuel Antonio Rey).
- UN Guitián Rubinos, L. (1885): *Unha noite na casa do Tío Farruco do Pinedo* (Lugo: Imprenta Soto Freire).
- VE Pérez Placer, H. (1895): *A vendimia* (Ourense: Pérez Placer / El Derecho).
- VO García Ferreiro, A. (1887): *Volvoretas* (Ourense: Tip. de Antonio Otero).